

ACTA DO PLENO ORDINARIO DO 29 DE NOVEMBRO DE 2019

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.00 horas do día 29 de novembro de 2019, réunese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputados de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

D. Armando Ojea Bouzo

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:

D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Socialista don Gerardo Seoane Fidalgo, nin o deputado do Grupo do BNG don Bernardo Varela López.

Antes de entrar a tratar nos asuntos incluídos na orde do día, o Sr. presidente anuncia que hai un asunto de urxencia relativo á renuncia do deputado do Grupo Socialista, don Gerardo Seoane Fidalgo, presentada polo mencionado deputado o día 27 de novembro. De conformidade co artigo 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a renuncia debe facerse efectiva por escrito ante o Pleno, tendo a toma de razón da renuncia polo dito órgano a condición dun requisito de eficacia. A Xunta Electoral Central, no seu acordo do 19 de xullo de 1996 sostén que pola súa propia natureza a renuncia do cargo electo debe figurar como primeiro punto da orde do día. Dado que a renuncia se produciu con posterioridade á convocatoria do Pleno ordinario do mes de novembro estímase xustificado o seu tratamento mediante moción de urxencia no dito Pleno. Así mesmo, e tendo en contra a interpretación da Xunta Electoral Central referida, estímase procedente o tratamento desta cuestión ao inicio da sesión, sen esperar ao momento da tramitación das mocións de urxencia ordinarias, aplicando por analoxía o disposto no artigo 91.3 do ROF.

Polo exposto, procédese en primeiro lugar a votar a urxencia do asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación o Sr. presidente dá lectura á súa proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Tomar razón da renuncia do deputado provincial don Gerardo Seoane Fidalgo, deixándose constancia dela.

2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a designación de suplente para a toma de posesión na próxima sesión.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta: videoacta.depourense.es

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO 25 DE OUTUBRO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do 25 de outubro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do 25 de outubro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- AUTORIZACIÓN DO USO DE VÍDEO-ACTAS COMO DOCUMENTOS COMPLEMENTARIOS DAS ACTAS DE SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORCIÓN.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Autorizar, ao abeiro do establecido no artigo 2.4 do Decreto do Consello da Xunta 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas, a incorporación ás actas dos órganos colexiados da Deputación Provincial de Ourense do arquivo audiovisual da sesión, como documento complementario do documento electrónico escrito.

A incorporación realizarase mediante a inserción no documento electrónico escrito dun enlace directo ao documento audiovisual, que en todo caso será publicado na sede electrónica, xunto do documento escrito do que forma parte.

O documento audiovisual deberá cumprir os requisitos establecidos no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, así como o Esquema Nacional de Seguridade e as normas técnicas aplicables aos documentos electrónicos aprobadas no seu desenvolvemento.

O documento escrito das actas do pleno deberá incorporar, para cada punto da orde do día, un breve resumo, elaborado polo secretario, do contido da opinión ou posición expresada por cada deputado que interveña na sesión.

No apartado de preguntas das sesións ordinarias do pleno, no documento escrito recollerase exclusivamente o contido das preguntas e as respostas correspondentes. Non será necesario recoller o resto de manifestacións que poidan producirse na formulación da pregunta ou da resposta, das que quedará constancia en todo caso no documento audiovisual.

No apartado de rogos, o documento escrito recollerá exclusivamente o contido dos rogos, e un resumo das intervencións no debate, de se – lo caso.

O documento escrito das actas dos órganos colexiados consignará igualmente as posibles incidencias que teñan lugar en cada sesión.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL XERAL DE CONTRIBUCIÓN ESPECIAIS POLA AMPLIACIÓN OU MELLORA DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS DO PARQUE DE BOMBEIROS DO POLÍGONO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

O resumo das intervencións dos grupos é o seguinte:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, anuncia o seu voto a favor desta ordenanza, dado que o seu grupo considera que quen se beneficia especialmente da ampliación ou mellora de servizos como o do parque de bombeiros do polígono de San Cibrao debe contribuír oa seu financiamento.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, anuncia o seu voto a favor desta ordenanza, ao considerar axeitada a regulación das contribucións especiais que contén, no marco da lexislación reguladora das facendas locais, e estimar igualmente axeitado que as compañías aseguradoras, que reciben un beneficio económico pola existencia deste servizo, que ademais ten custes moi altos, contribúan economicamente ao seu sostemento.

D. Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista, anuncia o voto a favor do seu grupo, concordando cos argumentos expresados polos portavoces de C's e DO; engade

que o seu grupo tiña dúbidas con respecto a dous puntos, como é o feito de que a compañía aseguradora que entre a operar no territorio en data posterior á devindicación das contribucións non teña que pagar ou o feito de que as doazóns das aseguradoras, na parte que excedan da súa cota tributaria, reducirán as cotas das demais aseguradoras contribuíntes, pero que xa na comisión o señor secretario aclarou que a regulación deste puntos está determinada pola Lei de Facendas Locais.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular, explica brevemente o contido esencial da ordenanza, subliñando que só afecta ás aseguradoras e no ámbito territorial de actuación do parque de bombeiros de San Cibrao, xustificando o cumprimento dos principios de boa regulación por parte da ordenanza e explicando ademais cal será a súa tramitación; informa de que este tipo de contribucións xa as esixen no seu ámbito outras entidades locais que prestan este mesmo servizo, como o Consorcio Provincial do Servizo Contra Incendios, o Concello de Ourense ou a Mancomunidade das Terras de Celanova, engadindo que a xestión das contribucións se levará a cabo mediante un convenio con UNESPA, a patronal das aseguradoras, e que os fondos recadados se destinarán á adquisición de material propio para o parque, a proposta do xefe do parque de bombeiros.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal xeral de contribucións especiais pola ampliación ou mellora do servizo de intervención en emerxencias do Parque de Bombeiros do Polígono de San Cibrao das Viñas da Deputación Provincial de Ourense, conforme co seguinte texto:

Artigo 1º.- Obxecto e fundamento legal.

1. Constitúe o obxecto da presente ordenanza fiscal a regulación xeral das contribucións especiais que poida impoñer a Deputación Provincial de Ourense, nos seguintes supostos:

a) Pola ampliación dos servizos de prevención e intervención en emerxencias do Parque de Bombeiros do Polígono de San Cibrán das Viñas, como consecuencia dos plans de investimentos neste parque. Para estes efectos, considerarase ampliación do servizo calquera investimento que supoña unha mellora da calidade das infraestruturas e dos equipamentos e vehículos do parque e do persoal ao seu servizo, ou un incremento das unidades de equipamento e vehículos adscritas ao servizo, así como as obras de reforma, ampliación ou gran reparación e a substitución de equipamentos e vehículos obsoletos, sen que sexa

necesario que esas melloras impliquen a incorporación de novas prestacións no ámbito funcional do servizo.

Considerarase equipamento calquera ben moble de carácter inventariable e de titularidade provincial que estea adscrito ao servizo de intervención emerxencias.

b) Polo establecemento de novos parques de bombeiros, que amplíen o ámbito territorial de actuación ou melloren a prestación do servizo no dito ámbito.

2. Os investimentos que se financien mediante contribucións especiais deberán recollerse nun plan de investimentos, que se aprobará previa ou conxuntamente co acordo de imposición e ordenación concreta das contribucións.

Os plans de investimentos poderán ter carácter plurianual, cun límite máximo de catro anualidades para a súa completa execución.

3. A presente ordenanza fiscal se dita no exercicio da potestade tributaria que corresponde Deputación Provincial ao abeiro do establecido no artigo 6.2.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como do establecido no artigo 133 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2º. Feito imponible.

O feito imponible das contribucións especiais estará integrado polo especial beneficio obtido polos suxeitos pasivos pola ampliación dos servizos de emerxencia que presta o Parque de Bombeiros do Polígono de San Cibrán das Viñas ou o establecemento de novos parques de bombeiros, nos termos previstos no artigo 1.

O beneficio especial para os suxeitos pasivos prodúcese pola mera execución dos investimentos de que se trate, con independencia do grao de recepción ou utilización efectiva do servizo de prevención e intervención en emerxencias por parte dos suxeitos pasivos en cada anualidade.

As contías recadadas polas contribucións especiais só poderán destinarse a sufragar os gastos de investimento previstos no correspondente acordo concreto de imposición de contribucións especiais.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos das contribucións especiais reguladas na presente ordenanza as entidades aseguradoras que operen, no ámbito territorial de actuación do Parque de Bombeiros do Parque de San Cibrán das Viñas, no ramo 8 de seguros distintos ao de vida e riscos accesorios (ramo de incendios e elementos naturais), definido no Anexo X da Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión ou solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

A consideración de suxeitos pasivos destas entidades aseguradoras obedece á obtención pola súa parte dun beneficio especial derivado tanto da actividade de prevención como de actuación en sinistros que integra o servizo de intervención en emerxencias do Parque de Bombeiros de San Cibrán das Viñas, na medida en que estas actividades reducen a

sinistralidade no ámbito territorial de actuación do servizo, tanto no relativo ao número de sinistros como aos danos causados por estes, o que reduce os custes económicos derivados das indemnizacións ás que teñen que facer fronte as aseguradoras do ramo.

2. Para estes efectos, o ámbito territorial de actuación do servizo de prevención e intervención en emerxencias do Parque de Bombeiros do Polígono de San Cibrán das Viñas corresponde aos municipios de San Cibrán das Viñas, Taboadela, Paderne de Allariz, Maceda, Baños de Molgas, Pereiro de Aguiar, Esgos e Nogueira de Ramuin.

Non obstante o anterior, o dito ámbito de actuación poderá ampliarse no futuro. De se-lo caso, os acordos concretos de imposición e ordenación das contribucións especiais especificarán esta circunstancia, entendéndose ampliado o ámbito territorial de aplicación das contribucións aos municipios de que se trate.

Artigo 4º. Base imponible.-

1. A base imponible das contribucións especiais reguladas nesta ordenanza estará constituída, como máximo, polo noventa por cento do importe total dos investimentos previstos nos concretos acordos de imposición e ordenación de contribucións especiais que se diten ao seu abeiro.

Os acordos concretos de ordenación fixarán motivadamente o importe da base imponible en cada caso.

2. Non obstante o anterior, o importe estimado dos investimentos previstos en cada acordo terá carácter de mera previsión. Se o custe real da execución destes investimentos resultase maior ou menor do previsto, se tomará aquel para o cálculo das cotas correspondentes.

Non será de aplicación esta regra no suposto en que a variación do custe dos investimentos consista nun incremento do seu orzamento que obedeza á súa modificación substancial por decisión da Deputación Provincial. Para estes efectos, entenderase por modificación substancial a introdución de novas obras ou subministracións non previstas no acordo inicial, ou a variación das características esenciais das ditas obras ou subministracións, calquera que sexa a súa causa.

Sen prexuízo do anterior, o importe das modificacións substanciais poderá incluírse na base imponible das contribucións mediante a modificación do correspondente acordo de imposición, sen que, en ningún caso, poida ter carácter retroactivo.

3. Nos supostos nos que a Deputación Provincial obteña subvencións ou donativos para a realización dos investimentos financiados con contribucións especiais, ou baixas na licitación dos ditos investimentos, a base imponible se entenderá automaticamente modificada, reducíndose o importe das subvencións ou doazón ou das baixas obtidas da dita base. Igualmente se modificará a base imponible no suposto en que o importe dos investimentos se reduza por calquera outra causa.

Artigo 5º. Cota tributaria.-

1. A base imponible repartirase en proporción ás primas recadadas, no exercicio anterior e no ámbito territorial de actuación do Parque de Bombeiros, por cada entidade aseguradora contribuínte, e ata un máximo do 5 % das primas recadadas.

Para estes efectos, o importe das primas que se considerarán serán os establecidos na Disposición Adicional 14ª da Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, ou norma que no futuro a substitúa. Na actualidade, estes importes son o 100 % das primas dos seguros de incendios e o 50 % das primas dos seguros multirriscos que inclúan o risco de incendios.

2. Os excesos sobre a cota máxima por anualidade trasladaranse aos exercicios sucesivos, ata a súa total amortización, incluíndose nas correspondentes liquidacións anuais.

3. Nos supostos en que un suxeito pasivo efectúe unha doazón á Deputación Provincial que poida ser utilizada para o financiamento das actuacións previstas no Plan, o importe da doazón reducirá, total ou parcialmente, a cota do doante. De existir un remanente da doazón tra-la dita compensación, este destinarase a reducir a cota dos restantes suxeitos pasivos, rateándose entre estes proporcionalmente.

Artigo 6º. Devindicación. Pagamentos a conta.

1. As contribucións especiais devindicaranse no momento da execución do plan de investimentos recollido no acordo concreto de imposición.

Nos supostos en que os Plans de Investimentos teñan carácter plurianual, as contribucións devindicaranse cando se execute cada unha das anualidades do Plan, dando lugar á correspondente liquidación anual. Para estes efectos, e ao abeiro do disposto no artigo 33.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, cada anualidade do Plan considerárase unha fracción do investimento.

Sen prexuízo do anterior, a Deputación Provincial liquidará provisionalmente, en cada anualidade, o importe da contribución especial correspondente a ese exercicio, en función do custe estimado no Plan, quedando obrigadas as entidades aseguradoras ao seu pagamento a conta no prazo de pagamento voluntario dende a súa notificación.

Unha vez executado o investimento, e no prazo máximo de catro anos dende a data da súa efectiva recepción pola Deputación Provincial, procederase á liquidación definitiva, na que se compensarán os pagos anticipados a conta realizados.

Nos supostos en que os pagos a conta fosen realizados por unha entidade inexistente no momento da liquidación definitiva, esta xirarase á entidade que legalmente a suceda.

No suposto de que os pagos a conta excedesen da liquidación definitiva, procederase á devolución de oficio do exceso, incrementado no tipo de xuro legal do diñeiro dende a data de ingreso do pago a conta. Igualmente, procederase á devolución de oficio no caso de que os pagos fosen realizados por quen non teña a condición de suxeito pasivo no momento da devindicación, sen prexuízo do previsto no parágrafo precedente para os supostos de sucesión de entidades.

Artigo 7º. Exencións e bonificacións.-

Non se recoñecerán en materia de contribucións especiais outros beneficios fiscais que os establecidos en disposicións con rango de Lei ou en tratados ou convenios internacionais.

Agás que na norma que os estableza se dispoña o contrario, os titulares dos beneficios fiscais deberán solicitar a súa aplicación á Deputación Provincial, con expresa mención da normativa na que se funde o seu dereito.

Cando se recoñezan beneficios fiscais nas contribucións especiais, as cotas que corresponderían aos beneficiarios ou o importe das bonificacións non poderán ser obxecto de distribución entre os demais suxeitos pasivos.

Artigo 8. Imposición e ordenación concreta das contribucións especiais.-

A exacción das contribucións especiais precisará a previa adopción, polo Pleno da Deputación Provincial, do acordo de imposición e ordenación en cada caso concreto. O acordo de imposición e ordenación adoptarase sobre a base dun plan de investimentos aprobado con carácter previo ou simultáneo, e determinará a base imponible e a súa distribución por anualidades en caso de plans plurianuais, suxeitándose en todo momento ás regras establecidas na presente ordenanza xeral. Nos supostos en que o ámbito territorial de actuación do Parque de Bombeiros de San Cibrán das Viñas se estendese a algún outro municipio, o acordo de imposición deberá precisar o seu concreto ámbito territorial aplicable.

Non poderá iniciarse a execución dos investimentos financiados con cargo a contribucións especiais ata que non se adopte o acordo de imposición e ordenación concreta correspondente.

O acordo de imposición e ordenación concreta será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia da Deputación Provincial, e se notificará individualmente aos suxeitos pasivos, se estes fosen coñecidos no momento da súa adopción. No caso de que os suxeitos pasivos estean agrupados en entidades para a xestión das súas obrigas como contribuíntes que subscribisen un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, o acordo notificarase ademais a estas entidades.

Contra o acordo de imposición procederán os recursos establecidos no noso ordenamento.

Artigo 9º. Xestión, liquidación, inspección e recadación.

1. As contribucións especiais esixiranse en réxime de liquidación. A liquidación será practicada pola Deputación Provincial, aplicando as regras establecidas nesta ordenanza e no acordo de ordenación concreta, sobre a base da información sobre as primas das entidades aseguradoras que operen no ámbito territorial de aplicación e que fosen facturadas no exercicio inmediatamente anterior. Esta información será proporcionada polo Consorcio de Compensación de Seguros, ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 14ª da Lei de Ordenación, Supervisión e Solvencia das Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras.

As liquidacións expresarán a cota individualizada que corresponda a cada suxeito pasivo, e notificaranse individualmente, ou a través da entidade xestora que poidan constituír os suxeitos pasivos, conforme ao previsto no apartado seguinte deste artigo.

2. A Deputación Provincial poderá subscribir convenios de colaboración con entidades constituídas polas entidades aseguradoras para o cumprimento das súas obrigas tributarias. Estas entidades poderá asumir a representación dos suxeitos pasivos para todas as actuacións que lles correspondan na xestión tributaria das contribucións, incluída a realización dos pagamentos, e en tal caso terán a consideración de interesadas no expediente

a tódolos efectos, entendéndose exclusivamente con elas os procedementos de xestión e recadación, en tanto non conste a revogación da representación conferida polos suxeitos pasivos.

3. A xestión, liquidación, recadación e inspección das contribucións especiais se realizará na forma, prazos e condicións que establece a Lei Xeral Tributaria e demais normas aplicables á xestión dos tributos locais.

Artigo 10º. Infraccións e sancións.

En materia sancionadora se aplicará o réxime establecido na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable aos tributos locais.

Disposición Final.

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro, definitivamente aprobado, no Boletín Oficial da Provincia.

2º) Someter o presente acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, todo isto de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da corporación provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formularsen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

4º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS N.º 2/2019.-

A Sra. Interventora fai un resumo do contido da proposta ditaminada pola Comisión de Economía e Facenda.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

O resumo das intervencións dos grupos é o seguinte:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, anuncia o seu voto a favor para que as pequenas e medianas empresas ás que corresponden as facturas suxeitas ao recoñecemento extraxudicial poidan cobrar o antes posible.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, anuncia o seu voto a favor, explicando que se trata de aprobar unha serie de facturas do exercicio 2018, todas elas conformadas polos xefes de servizo correspondentes, e que, por diversas razóns, incluída a demora polos propios provedores na presentación das facturas, non puideron ser tramitadas no seu momento, polo que é preciso que, como consecuencia do principio de anualidade dos orzamentos, se recoñezan polo Pleno para poder ser imputadas ao exercicio 2019.

D. Susana Rodríguez Estévez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia o voto a favor do seu grupo, porque as empresas non teñen a culpa da mala xestión desta Deputación, criticando a falla de planificación que conduce a esta situación e preguntándose polo motivo de que haxa facturas neste expediente que levan máis dun ano sen ser pagados, e moitas outras máis de trescentos días, e como inflúe isto no prazo medio de pagamento a acredores, e onde están os xuros de demora correspondentes. Critica que se presuma de débeda cero e que se aprobaran recentemente os orzamentos e xa haxa que aprobar estas facturas, e pregúntase por que no seu día non se orzaron gastos como os do OUFF ou actuacións en parques infantís ou áreas recreativas.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular recomenda á deputada socialista que lea o informe da interventora, e di que do que se trata é de aprobar 212 facturas por un importe de 464.000 euros en total, conformadas polos xefes de servizo e que, na súa maioría, se presentaron fóra de prazo polos provedores, o que non é culpa da Deputación, e no informe se indica en todo caso a causa de que non se puidesen tramitar no seu día, concluíndo que o recoñecemento extraxudicial é un trámite formal que esixe a Lei de facendas locais para poder aprobar e tramitar estas facturas que estamos obrigados a pagar.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Autorizar a imputación aos créditos de gasto do orzamento corrente de 2019, das obrigas correspondentes ás seguintes facturas:

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
45312/22103	034025/Z/18/000192	30/06/2018	FACTURA Nº 034025/Z/18/000192 DE 30-06-18, GASOLEO	A32032666	ESTACION DE SERVICIO VERIN SA	1.657,81 €	Data recepción: 06/07/2018 Data conformada: 04/09/2019 Días transcorridos: 425
16235/21400	001259	31/08/2018	Válvula relé, enchufe rápido, latiguillos y otros	B32021446	BERNARDINO CARRO S.L.	2.079,69 €	Data recepción: 19/09/2018 Data conformada: 20/03/2019 Días transcorridos: 182
93211/22000	18111	13/09/2018	FACTURA Nº 18111 DE 13-09-18. RECIBOS VOLUNTARIA	B15949795	SISTEMAS DE CONTROL ARTES GRAFICAS S.L.	1.191,85 €	Data recepción: 02/10/2018 Data conformada: 16/10/2019 Días transcorridos: 379
45012/22601	EMIT-000224	09/10/2018	BASE MONUMENTO A CARLOS CASARES	034926809K	GOMEZ*GOMEZ, JUAN BENITO	7.235,80 €	Data recepción: 09/10/2018 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 338 Incumplimento da base de execución nº 29 do Orzamento Xeral para o ano 2019
33419/21300	V1CF-6420	09/10/2018	Reparar amoladora Makita Taller eléctrico Ramón broca escalonada helic 4-30	B32112427	FERRETERIA EL POSIO,S.L.	462,72 €	Data recepción: 10/10/2018 Data conformada: 10/05/2019 Días transcorridos: 212

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
91211/22601	EMIT-19	22/10/2018	Estancia en el Parador de Santo Estebo de Ribas de Sil	A15107535	VIAJES SANT YAGO, S.A.	210,00 €	Data recepción: 22/10/2018 Data conformada: 17/06/2019 Días transcorridos: 238
92001/22706 (Rem.2018)	CA18-162	31/10/2018	Asistencia técnica para la elaboración de la relación de Puestos de Trabajo del Ayuntamiento de Coles Número de expediente: 100-cm-2018	A36196418	ESTRATEGIA Y ORGANIZACION S.A.	6.352,50 €	Data recepción: 31/10/2018 Data conformada: 15/07/2019 Días transcorridos: 257
93411/22699	559	18/10/2018	FACTURA Nº 559 DE 18-10-2018 NOTA SIMPLE INFORMAT	44597497Z	PEREZ*CRUZ MARTINEZ DE LA,VICTORIA	3,64 €	Data recepción: 02/11/2018 Data conformada: 16/10/2019 Días transcorridos: 348
92014/64100	2018-3	12/11/2018	Aplicación Informática Localtex do ano 2018 -1S	B32464505	LOCALTEX XESTION, S.L.	13.310,00 €	Data recepción: 12/11/2018 Data conformada: 04/04/2019 Días transcorridos: 143 Incumplimento da base de execución nº 29 do Orzamento Xeral para o ano 2019
45012/76201	FE8-147	04/12/2018	VALORACION DE LOS TRABAJOS REALIZADOS EN LA OBRA "ACOMETIDA ELECTRICA DO CAMPING DE MELON" CONCELLO DE MELON (OURENSE) OBRA Nº: 129/16/2017 CERTIFICACION Nº1 FINAL	B32024317	CONSTRUCCIONES Y ALMACENES MANUEL VISO E HIJOS S.L.	52.000,00 €	Data recepción: 05/12/2018 Data conformada: 30/05/2019 Días transcorridos: 176

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
45012/22601	2018019-3	23/11/2018	RESTAURACION RETABLOS IGLESIA GARABELOS (BALTAR)	B32406449	CENTRO DE CONSERVACION Y RESTAURACION S. MARTIN, S.L.	3.000,00 €	Data recepción: 10/12/2018 Data conformada: 10/09/2019 Días transcorridos: 274 Incumprimento da base de execución nº 34 do Orzamento Xeral para o ano 2019
45012/22609	60/2018	13/12/2018	ACTUACIÓN CARLOS BLANCO AUDITORIO DO CONCELLO DE A PEROXA	B70374327	CONDETRESPES, S.L.	3.000,00 €	Data recepción: 13/12/2018 Data conformada: 17/10/2019 Días transcorridos: 308
45012/61902	2018-FACTURA-163	27/12/2018	CERTIFICACIÓN Nº 1-FINAL "LIMPIEZA E REPARACIÓN DE FOSAS SÉPTICAS EN GOLPELLÁS, SANTIAGO DE RUBIÁS E CASTELAUS", CONCELLO DE CALVOS DE RANDÍN	B32274581	EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES SLU	54.999,99 €	Data recepción: 27/12/2018 Data conformada: 23/04/2019 Días transcorridos: 117
92001/22001 93211/22001 93411/22001	2018-13100	31/12/2018	PLATAFORMA HACIENDA LOCAL CONTENIDO EDITORIAL PLATAFORMA HACIENDA LOCAL CONTENIDO SERVICIOS	A50878842	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION, S.A.	8.403,15 €	Data recepción: 03/01/2019 Data conformada: 13/08/2019 Días transcorridos: 222 Incumprimento da base de execución nº 29 do Orzamento Xeral para o ano 2019

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
45313/22620	FC18-153	31/12/2018	TALLER PERROS CANUN ENERVIT 20 KG	B32007494	ALMACENES RIVERA S.L.	46,00 €	Data recepción: 05/01/2019 Data conformada: 30/10/2019 Días transcorridos: 298
33420/20700	17/2018	14/12/2018	Gastos de desprazamento Festival OUFF 2018	033998283M	QUELLE*CASTRO, ROSALIA	41,00 €	Data recepción: 08/01/2019 Data conformada: 22/07/2019 Días transcorridos: 195 Faltaba informe indicando o nº de kilómetros a 0,19€/kilómetro
33419/62500 (Rem.2018)	EMIT-1	11/12/2018	Suministro e instalación de moqueta y felpudo para Teatro Principal	B32028300	TELPES S.L.	5.826,85 €	Data recepción: 14/01/2019 Data conformada: 30/05/2019 Días transcorridos: 136
92011/22200 (Rem.2018)	601-KF18-40812	03/11/2018	Cargos Nivel Factura	A82009812	ORANGE ESPAGNE S.A.U.	239,99 €	Data recepción: 12/02/2019 Data conformada: 06/05/2019 Días transcorridos: 83
91211/22601 45012/22601	EMIT-22	22/06/2018	TAMBORILES PANDEIRO CAJA JINBAO PANDEIRETA PAR DE BAQUETAS	B32276727	MUSICAL GONZÁLEZ,S.L.	618,00 €	Data recepción: 06/03/2019 Data conformada: 07/11/2019 Días transcorridos: 246

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
34111/22608	EMIT-71	03/10/2018	Trabajos realizados en circuito motocross Gomesende	B32245466	CIEFOCAL S.L.	1.964,12 €	Data recepción: 11/03/2019 Data conformada: 13/06/2019 Días transcorridos: 94
45313/22101	02082018 C10000000 2	18/01/2018	Consumo auga Nave Taller Pg. Industrial Uceira (O Carballiño)	P3202000J	CONCELLO DE O CARBALLIÑO	7,58 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 20/03/2019 Días transcorridos: 8
45312/22103	2018/FA-000191	30/09/2018	DIESEL E+ DIESEL E+ DIESEL E+	B32167843	LAS CONCHAS DE HERMILLE S.L-	193,78 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 04/09/2019 Días transcorridos: 176
45312/22103	2018/ FA-000205	31/10/2018	DIESEL E+ DIESEL E+10 DIESEL E+ DIESEL E+	B32167843	LAS CONCHAS DE HERMILLE S.L-	247,90 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 04/09/2019 Días transcorridos: 176
45312/22103	2018/ FA-000222	30/11/2018	DIESEL E+ DIESEL E+ DIESEL E+	B32167843	LAS CONCHAS DE HERMILLE S.L-	168,46 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 04/09/2019 Días transcorridos: 176
45312/22103	2018/ FA-000240	31/12/2018	DIESEL E+ DIESEL E+ DIESEL E+	B32167843	LAS CONCHAS DE HERMILLE S.L-	162,88 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 04/09/2019 Días transcorridos: 176

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
92014/22002	EMIT-515	18/10/2018	Reparacion cambio pantalla samsung j3reparacion pantalla iphone 6s	034975178K	CALVIÑO* FERNANDEZ, GABRIEL	218,00 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 14/03/2019 Días transcorridos: 2
92014/22002	RECT- EMIT-541	13/11/2018	Reparación movil S8 PlusBatería movil Iphone 6	034975178K	CALVIÑO* FERNANDEZ, GABRIEL	450,01 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 14/03/2019 Días transcorridos: 2
92014/22730	EMIT-358	10/07/2018	cargador iphone usb + adaptador original reparacion display smartphone	034975178K	CALVIÑO* FERNANDEZ, GABRIEL	424,00 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 14/03/2019 Días transcorridos: 2
45312/22103	2018/ FA-000196	30/09/2018	DIESEL E+ DIESEL E+ DIESEL E+ AdBlue GARRAFA 20L DIESEL E+ DIESEL E+ DIESE...	B32167843	LAS CONCHAS DE HERMILLE S.L-	1.256,71 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 04/09/2019 Días transcorridos: 176
45312/22103	2018/ FA-000206	31/10/2018	DIESEL E+ DIESEL E+ DIESEL E+ AdBlue GARRAFA 20L DIESEL E+ DIESEL E+	B32167843	LAS CONCHAS DE HERMILLE S.L-	1.864,82 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 04/09/2019 Días transcorridos: 176
45312/22103	2018/ FA-000220	30/11/2018	DIESEL E+ AdBlue GARRAFA 20L DIESEL E+ DIESEL E+ DIESEL E+ DIESEL E+	B32167843	LAS CONCHAS DE HERMILLE S.L-	949,97 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 31/07/2019 Días transcorridos: 141

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
45312/22103	2018/ FA-000237	31/12/2018	DIESEL E+ DIESEL E+ DIESEL E+ DIESEL E+	B32167843	LAS CONCHAS DE HERMILLE S.L-	357,39 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 04/09/2019 Días transcorridos: 176
91211/22609	VP-000001	27/09/2018	Xornadas Musicales varias de Victor Prieto	34991793F	PRIETO*CRUZ,VIC TOR	8.000,01 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 14/10/2019 Días transcorridos: 216 Incumprimento da base de execución nº 29 do Orzamento Xeral para o ano 2019
45312/22100	FE171370 17239681	03/09/2017	Nave Vías e Obras Xinzo de Limia Consumo Enerxía Eléctrica	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	28,28 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 20/03/2019 Días transcorridos: 8
45312/22100	FE1713701 7246239	03/09/2017	Vivenda Nave Vías e Obras Xinzo de Limia Consumo Enerxía Eléctrica	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	64,67 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 20/03/2019 Días transcorridos: 8
16111/22100	FE171370 17863330	13/09/2017	Nave Augas Verín Consumo Enerxía Eléctrica	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	15,23 €	Data recepción: 12/03/2019 Data conformada: 30/04/2019 Días transcorridos: 49

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
45312/22101	02082018A 1000 16307	18/04/2018	Consumo auga Nave Taller Pg. Industrial Uceira (O Carballiño)	P3202000J	CONCELLO DE O CARBALLIÑO	19,65 €	Data recepción: 14/03/2019 Data conformada: 28/03/2019 Días transcorridos: 14
45313/22102	0095215 221	09/10/2018	Cuota Alquiler Cuota de Mantenimiento 10.09.2018 al 09.10.2018 Pg. San Cibrao das Viñas, 50	A28076420	REPSOL BUTANO S.A.	39,65 €	Data recepción: 16/03/2019 Data conformada: 05/04/2019 Días transcorridos: 20
45313/22102	0094868 902	09/03/2018	Cuota Alquiler Cuota de Mantenimiento 10.02.2018 al 09.03.2018 Pg. San Cibrao das Viñas, 50	A28076420	REPSOL BUTANO S.A.	39,65 €	Data recepción: 16/03/2019 Data conformada: 05/04/2019 Días transcorridos: 20
45313/22102	0095266 863	09/11/2018	Cuota Alquiler Cuota de Mantenimiento 10.10.2018 al 09.11.2018 Pg. San Cibrao das Viñas, 50	A28076420	REPSOL BUTANO S.A.	39,65 €	Data recepción: 19/03/2019 Data conformada: 04/04/2019 Días transcorridos: 16
45313/22102	0095022 673	11/06/2018	Cuota Alquiler Cuota de Mantenimiento 10.05.2018 al 09.06.2018 Pg. San Cibrao das Viñas, 50	A28076420	REPSOL BUTANO S.A.	39,65 €	Data recepción: 19/03/2019 Data conformada: 04/04/2019 Días transcorridos: 16
45313/22102	0095318 509	10/12/2018	Cuota Alquiler Cuota de Mantenimiento 10.11.2018 al 09.12.2018 Pg. San Cibrao das Viñas, 50	A28076420	REPSOL BUTANO S.A.	39,65 €	19/03/2019 Data conformada: 04/04/2019 Días transcorridos: 16

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
45313/22111	21002-2	30/11/2018	Ópticas Ebro	B70472147	DISGRA OURENSE, S.L.	13,36 €	Data recepción: 20/03/2019 Data conformada: 04/04/2019 Días transcorridos: 15
45313/22111	17747-3	15/10/2018	Piloto trasero Toyota y otros respuestos vehículos	B70472147	DISGRA OURENSE, S.L.	802,57 €	Data recepción: 20/03/2019 Data conformada: 09/04/2019 Días transcorridos: 20
45012/22199	-2019// 12391	20/03/2019	OBRA: "ELEMENTOS SALUDABLES CONCELLO DE CALVOS DE RANDIN"	B32204620	BARRERAS DE SEGURIDAD S.L.	9.843,59 €	Data recepción: 20/03/2019 Data conformada: 07/11/2019 Días transcorridos: 232 Incumplimento da base de execución nº 29 do Orzamento Xeral para o ano 2019
92011/22200 (Rem.2018)	M100000 50033- 0918	13/09/2018	Cuota agosto 2018	A82009812	ORANGE ESPAGNE S.A.U.	177,05 €	Data recepción: 22/03/2019 Data conformada: 04/04/2019 Días transcorridos: 13
92011/22200 (Rem.2018)	M100000 50964- 1018	13/10/2018	Cuota setiembre 2018	A82009812	ORANGE ESPAGNE S.A.U.	177,05 €	Data recepción: 22/03/2019 Data conformada: 04/04/2019 Días transcorridos: 13

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
92011/22200 (Rem.2018)	M100000 52981- 1218	13/12/2018	Cuota noviembre 2018	A82009812	ORANGE ESPAGNE S.A.U.	177,05 €	Data recepción: 22/03/2019 Data conformada: 04/04/2019 Días transcorridos: 13
92011/22200 (Rem.2018)	M100000 51957- 1118	13/11/2018	Cuota octubre 2018	A82009812	ORANGE ESPAGNE S.A.U.	177,05 €	Data recepción: 22/03/2019 Data conformada: 04/04/2019 Días transcorridos: 13
45313/22111	21683-4	15/12/2018	Reposos varios vehículos Taller	B70472147	DISGRA OURENSE, S.L.	1.002,57 €	Data recepción: 22/03/2019 Data conformada: 04/04/2019 Días transcorridos: 13
45313/22111	20841-4	30/11/2018	Reposos varios vehículos Taller	B70472147	DISGRA OURENSE, S.L.	2.121,48 €	Data recepción: 25/03/2019 Data conformada: 04/04/2019 Días transcorridos: 10
16201/21400	FA118- 1110	04/10/2018	Botón de mando 9- GANG SW	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	227,72 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 24/07/2019 Días transcorridos: 118
45313/22111	FA118- 1112	10/10/2018	TUBERIA AGUA REFRIGERANTE	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	115,10 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
45313/22111	FA118-1113	11/10/2018	CUNA CIERRE RESBALON CERRADURA DCHA.	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	146,40 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168
45313/22111	FA118-1114	11/10/2018	MOTOR ELECTRICO SALERO.	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	492,06 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168
45313/22111	FA118-1167	18/10/2018	BALLESTA BANDA DE GOMA	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	946,49 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168
45313/22111	FA118-1166	17/10/2018	BRIDA SALIDA SILEN.142X25	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	65,78 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168
45313/22111	FA118-1168	18/10/2018	MOTOR PLATO SALERO	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	675,29 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168
45313/22111	FA118-1169	18/10/2018	BISAGRA	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	94,84 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
16201/21400	FA118-1174	25/10/2018	RASCADOR SUP. PALA EYECTO RASCADOR LAT.PALA EYECT. RASCADOR INF.PALA EYECT.	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	439,59 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 24/07/2019 Días transcorridos: 118
45313/22111	FA118-1176	26/10/2018	MOTOR ELECTRICO SALERO.	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	493,64 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168
45313/22111	FA118-1238	05/11/2018	BANDA DE GOMA	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	370,30 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168
45313/22111	FA118-1300	29/11/2018	AISLANTE PALANCA CAMBIOS	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	99,44 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168
45313/22111	FA118-1357	05/12/2018	TRANSFORMADOR TENSION 24V/12V 5/3A	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	216,11 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168
45313/22111	FA118-1403	18/12/2018	POMO PALANCA CAMBIO TAPA 8+R POMO PALANCA	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	292,32 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
45313/22111	FA118-1404	19/12/2018	TORNILLO CON TAPON NG12-M22X1,5-CUZN ANILLO JUNTA 12X2N-NBR3-60 ANILLO JUNTA 1...	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	15,27 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168
45313/22111	FA118-1175	26/10/2018	SENSOR	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR ,S.L.	63,79 €	Data recepción: 28/03/2019 Data conformada: 12/09/2019 Días transcorridos: 168
45313/22111	19848-5	15/11/2018	Repastos varios vehículos Taller	B70472147	DISGRA OURENSE, S.L.	1.027,69 €	Data recepción: 29/03/2019 Data conformada: 09/04/2019 Días transcorridos: 11
16201/22620	3688-12	05/10/2018	Produtos varios Punto Limpo A Pobra de Trives	B32241499	TALLERES CABEZA GRANDE,S.L.	36,30 €	Data recepción: 03/04/2019 Data conformada: 02/07/2019 Días transcorridos: 90
45311/61903	FV1800 959-2	15/10/2018	Hormigón H-200/25	B32311375	VERIN DE HORMIGONES S.L.	387,20 €	Data recepción: 15/04/2019 Data conformada: 02/05/2019 Días transcorridos: 17

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
31311/20700	FC-2016093201	01/08/2016	Reconocimientos médicos correspondientes al año 2015 - Medicina del trabajo	B64076482	QUIRON PREVENCIÓN S.L.U	2.046,03 €	Data recepción: 15/04/2019 Data conformada: 30/04/2019 Días transcurridos: 15 Tiña reserva no ano 2015
31311/20700	FC-2016093203	01/08/2016	Reconocimientos médicos correspondientes al año 2015 - Medicina del trabajo	B64076482	QUIRON PREVENCIÓN S.L.U	2.046,03 €	Data recepción: 15/04/2019 Data conformada: 30/04/2019 Días transcurridos: 15 Tiña reserva no ano 2015
45311/61903	EMIT_FV 1801000-4	31/10/2018	Hormigón H-15/25	B32311375	VERIN DE HORMIGONES S.L.	516,67 €	Data recepción: 15/04/2019 Data conformada: 02/05/2019 Días transcurridos: 17
45311/61903	EMIT-FV 1801033-5	31/10/2018	Hormigón H-150/25- H-150/25	B32311375	VERIN DE HORMIGONES S.L.	1.107,15 €	Data recepción: 15/04/2019 Data conformada: 02/05/2019 Días transcurridos: 17
45311/61903	EMIT-FV 1801259-6	31/12/2018	Hormigón H-200/25- H-200/25- H-200/25 H-200/25- H-200/25	B32311375	VERIN DE HORMIGONES S.L.	2.942,72 €	Data recepción: 15/04/2019 Data conformada: 02/05/2019 Días transcurridos: 17

Aplicación orzamentaria	Número Factura	Data Factura	Concepto	NIF	Acredor	Importe	Motivo polo que se inclúe neste acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos
45312/21400	GO-1801784	25/08/2018	REVISAR FRENOS TRASEROS*** mal pinza trasera izquierda**	A36122174	INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A.	57,58 €	Data recepción: 16/04/2019 Data conformada: 19/09/2019 Días transcorridos: 156
45312/21400	GO-1801706	11/08/2018	REVISAR SISTEMA ELECTRICO FRENO MOTOR , COMPROBAR ACELERADOR E INSTALACION A TECLA FRENO MOTOR +CAMBIAR GOMAS TAPAS BATERIAS. GOMA CIERRE	A36122174	INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A.	95,80 €	Data recepción: 16/04/2019 Data conformada: 24/07/2019 Días transcorridos: 99
45313/22111	FO-1800948	31/12/2018	RELE ELECTRONIC	A36122174	INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A.	101,86 €	Data recepción: 16/04/2019 Data conformada: 29/07/2019 Días transcorridos: 104
45313/22111	FO-1800518	16/07/2018	TUBERIA COMBUST CASQUILLO TIRANTE SOPORTE DERECHA	A36122174	INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A.	117,79 €	Data recepción: 16/04/2019 Data conformada: 29/07/2019 Días transcorridos: 104
45313/22111	FO-1800784	31/10/2018	PILOTO LATERAL	A36122174	INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A.	44,24 €	Data recepción: 16/04/2019 Data conformada: 29/07/2019 Días transcorridos: 104
Concello de Chandrexa de Queixa	Tractores rozadoras	42.500,00 €
Concello de Xunqueira de Espadanedo	Tractores rozadoras	42.500,00 €
Concello de Arnoia	Tractores rozadoras	42.500,00 €
Concello de Muíños	Tractores rozadoras	42.500,00 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EJERCICIO 2020.-

O Sr. presidente anuncia que, conforme ao acordado na Xunta de Portavoces, se debaterán conxuntamente este punto e os puntos sétimo e oitavo, e que se votarán por separado.

O Sr. secretario expón o contido dos ditames favorables da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

O resumo das intervencións dos grupos é o seguinte:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, amosa o seu desacordo coa dotación orzamentaria destes programas de cooperación, que considera insuficiente, e co criterio lineal de reparto dos fondos, afirmando que as bases non son obxectivas e son inxustas, porque non teñen en conta as diferentes necesidades dos distintos concellos, ao non ter en conta indicadores como o número de habitantes ou de nacementos ou o número de desempregados, polo que anuncia a súa abstención, dado que os argumentos do Grupo Popular non a convencen do contrario.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, entende que o debate non se produce en canto ás finalidades destes programas, senón na contía da súa dotación e nos criterios de reparto dos fondos. Con respecto á contía, esta corresponde coa previsión contida nos orzamentos para 2020 aprobados en setembro, e non lle consta que ningún grupo formulase entón ningunha emenda ao respecto, polo que cre non hai máis que dicir; en canto ao reparto de fondos, no programa de empregabilidade séguese un criterio lineal e igualitario (a mesma contía para tódolos concellos) e ao respecto formula unha serie de reflexións, sinalando que os custes de contratación non varían para os concellos en función da súa poboación, e a diferenza de tamaño entre concellos non implica necesariamente maiores necesidades de contratación de persoal, porque iso depende da súa estrutura, e o feito de que un concello sexa máis pequeno pode implicar menores necesidades de persoal, pero tamén menores recursos e un custe proporcionalmente maior da contratación de persoal en relación a eses recursos; ademais, se se dan maiores recursos a uns concellos, haberá que reducir as axudas

aos outros; con base nestas reflexións, considera que este sistema de reparto é, en principio, tan xusto como podería selo outro en base a outros criterios, que sempre poderían ser discutibles; este criterio igualitario parécelle máis claro aínda no caso do programa de cooperación en materia de limpeza da rede viaria, indicado ademais que outras fórmulas serían máis complexas e esixirían máis tempo para tramitar o programa; o máis problemático é quizá o programa de mocidade, pero tamén neste caso o criterio de reparto igualitario lle parece axeitado, dado que a mocidade é unha porcentaxe da poboación total, polo que son aplicables os argumentos xa expostos sobre a diferente poboación dos concellos e a menor capacidade dos pequenos concellos. Polo exposto, anuncia o seu voto a favor, aínda que sen pecharse á posibilidade de revisar as fórmulas de reparto cara ao futuro.

D. Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista lembra que o seu grupo leva anos reivindicando un plan único de cooperación, de carácter universal, cunha dotación moito maior que o que suman este programas e o resto de plans de cooperación da Deputación, que segundo os seus cálculos non supón máis que o 8,8 % do orzamento da Deputación; di que ademais o plan único permitiría que fosen os concellos os que decidisen en que gastar o diñeiro, e que sería positivo para eses concellos pequenos que en efecto teñen menos recursos, como dixo o portavoz de DO. Comenta que o reparto de fondos do programa de limpeza viaria é o único equitativo, porque aí ponse como condición que tódolos concellos teñen que limpar entre 10 e 12 quilómetros de estrada, pero os outros dous non o son, e pon como exemplo o plan de mocidade, que no concello do Barco supón só 2 euros por rapaz e noutros concellos o ratio é moito maior.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular realiza un breve resumo das bases dos tres programas que se debaten, subliñando que con eles se poñen 2,7 millóns de euros a disposición dos concellos e que son programas cunha alta aceptación polos concellos. Replica aos argumentos da portavoz de C's dicindo que está de acordo en que debe terse en conta a poboación dos concellos, pero nun sentido inverso ao que defende a portavoz de C's, dado que os concellos pequenos teñen moitos menos recursos, e en materias como a empregabilidade teñen máis dificultade para realizar políticas de emprego, dado que, por exemplo, o solo empresarial só existe nas vilas, aludindo ás deseconomías de escala que prexudican aos pequenos concellos, dado que nun concello mediano pode haber os mesmos ingresos por 100 metros de rede de saneamento que nun pequeno concello por 6 quilómetros de rede, engadindo que realizar unha actividade de ocio no verán para a mocidade pode ter o

mesmo custo nun pequeno concello que nunha vila; ante esa problemática e ante a lóxica demanda dos alcaldes das vilas, que piden maiores recursos, cre que o reparto igualitario é unha solución intermedia e acaída, que exemplifica na expresión “nin para ti, nin para min”; en resposta ao portavoz do Grupo Socialista di que ese plan único que defende – que cualifica como Plan Varela, en referencia ao deputado do BNG hoxe ausente – xa foi debatido e rebatido neste pleno, polo que non hai máis que discutir ao respecto, reiterando os argumentos xa expostos en canto a que ten que haber unha discriminación positiva a favor dos pequenos concellos, e a iso responde o reparto igualitario.

Nunha segunda quenda de intervencións, os portavoces expoñen as seguintes posicións ao respecto do asunto debatido:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que a ofende que lle pretendan dar leccións nesta materia, e que xa sabe que os custes de contratación son os mesmos en pequenos e medianos concellos, pero iso non resolve o debate, insistindo na idea de que o reparto lineal é inxusto, argumentando dunha banda que o Estado reparte os ingresos entre concellos atendendo a criterios de poboación, superficie, etc... o que implicaría que o Estado estaría equivocado, e doutra banda que aínda que é certo que os ingresos das vilas como Xinzo son maiores que os de concellos como Quintela de Leirado, tamén o é que as súas necesidades son moitísimo maiores, e a un concello como Xinzo os 20.000 euros do programa de empregabilidade non lle chegan a nada. Rexeita o discurso de defensa dos pequenos concellos cando un goberno do PP está pechar o paridoiro de Verín. Dille ao Grupo Popular que reflexione, porque non están facendo ben as cousas e teñen que reformular as súas políticas (de feito, perderon a maioría absoluta) e subliña que ela non defende o Plan único, defende que haxa variedade de plans e programas pero con criterios de reparto xustos e estes programas non o son, polo que reitera a súa abstención, xa que entende que estas axudas son necesarias para os concellos pero non con estes criterios.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana dille á Sra. Lama que non era a súa intención darlle leccións, senón simplemente explicar os motivos polos que esta fórmula de reparto lineal lle parece acaída; replica que non se poden aplicar os mesmos criterios ao reparto da participación en tributos do Estado, porque aí falamos de balanzas fiscais, e non dunha política de subsidios aos pequenos concellos, porque son cousas totalmente diferentes; e insiste no argumento de que as vilas, ao dispoñer dunha trama urbana, teñen unha estrutura económica diferente cunha capacidade proporcionalmente maior, o que

xustifica a discriminación positiva dos pequenos concellos coa fórmula de reparto igualitario, que permite esa discriminación e ao mesmo tempo permite atender as necesidades. Admite que a contía dos programas pode ser insuficiente, pero reitera que é a dotación que se aprobou nos orzamentos e ningún grupo formulou emendas ao respecto no seu día. Engade que cre que este é un debate complexo que esixe serenidade.

D. Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista replica ao Sr. Pérez Pérez que esa solución intermedia de reparto igualitario, á que o portavoz do PP se referiu como “nin para ti nin para min” equivale ao de “mal de moitos, consolo de parvos”; di que o seu grupo está a favor da discriminación positiva cos que menos teñen, pero hai que ter en conta a realidade das vilas que, como O Barco, prestan servizos a toda a comarca, como o conservatorio ou a piscina climatizada, que supoñen un custo enorme, polo que, aínda tendo maiores ingresos, tamén teñen maiores gastos. Engade que, xa postos a ser demagogos, non entende por que se o criterio de reparto igualitario é o mellor non se estende tamén ao caso da entidade local menor de Berán, dado que a desproporción de poboación entre esta entidade e un concello pequeno é menor que a que existe entre un concello pequeno e unha vila como O Barco.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular, pecha o debate dicindo que están de acordo no relativo ao reparto de fondos que fai o Estado e que neste caso o reparto igualitario favorece máis aos pequenos concellos, e que cren que así debe ser porque ademais do exposto en intervencións anteriores nas vilas hai alternativas na realización de actividades de ocio para a mocidade, porque hai asociacións ou mesmo empresas que as realizan, e en cambio nos pequenos concellos é só o concello normalmente o que pode levar a cabo estas actividades, reiterando por último a elevada aceptación que estes programas teñen por parte dos concellos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2020, co seguinte teor literal:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2020.

A finalidade deste Programa é a contribución ao sostemento económico dos servizos de competencia municipal e da entidade local menor de Berán posibilitando o complemento dos recursos humanos necesarios co dito fin, tanto a través das figuras contractuais propias da lexislación laboral como a través de contratos administrativos ou nomeamentos de persoal funcionario interino, de ser o caso, mediante a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento dos ditos contratos ou nomeamentos.

2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, cando contraten persoal en réxime de dereito laboral, efectúen nomeamentos de persoal funcionario interino ou subscriban contratos administrativos, típicos ou especiais, con persoas físicas suxeitas ao réxime de autónomos, para a realización de actividades da súa competencia durante o exercicio 2020. Considéranse subvencionables as contratacións ou nomeamentos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2020. Igualmente serán subvencionables as contratacións ou nomeamentos procedentes de anos anteriores que subsistan no exercicio 2020, exclusivamente en canto os custos devindicados a partir do 1 de xaneiro de 2020.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas contratacións ou nomeamentos, incluíndo gastos salariais e de Seguridade Social, así como os honorarios ou contraprestacións económicas por servizos profesionais prestados por autónomos.

3ª) Contía das subvencións:

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 20.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados. A subvención concedida á entidade local menor de Berán poderá acadar a contía máxima de 10.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 46207/24111 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020, tramitándose con carácter anticipado o Programa ao abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:

1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2020, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de 1.830.000,00 €.

3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2020, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

5ª) Resolucións de adhesión ó programa e solicitudes de subvención: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:

As resolucións de adhesión ó programa -que inclúen as solicitudes de subvención-subscritas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial e deberán presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, consonte co modelo que se achega como anexo I a estas bases.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o

financiamento das actividades para as que se solicita subvención que se presentará consonte co modelo que se achega como anexo II a estas bases.

6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.

As solicitudes de adhesión presentadas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes, agás nos seguintes casos:

a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo

b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencia advertidas no prazo concedido.

A resolución de concesión das subvencións adoptarase antes do 20 de marzo de 2020 e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

7ª) Contía das subvencións:

Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 20.000,00 €. A entidade local menor de Berán disporá dunha axuda por importe de 10.000,00 €. Esta subvención entenderase concedida, para todos os efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.

Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:

- Se o gasto efectivo do contrato ou nomeamento subvencionado fose inferior á dita cantidade.*
- Se as achegas doutras administracións públicas que financian a actuación exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo da contratación ou nomeamento subvencionado.*

A redución da contía das subvencións declararase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.

8ª) Xustificación da subvención:

As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2020. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2020 e poderá concederse, como máximo, ata o día 11 de decembro de 2020.

A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario da entidade na que se indique o seguinte:

- Relación de contratos ou nomeamentos realizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.

- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obriga no exercicio 2020.

- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos subvencionados.

B) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da subvención.

C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflicta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. Para considerar xustificada a subvención os concellos beneficiarios deberán acreditar a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 20.000,00 euros e a entidade local

menor de Berán por unha contía igual ou superior a 10.000,00 euros. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que a entidade beneficiaria percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan do 100% do custe soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.

9ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.

No local onde se realicen os servizos subvencionados deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

10ª) Normativa supletoria:

De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.

ANEXO I

MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2020, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:

1º) Aprobar a adhesión do Concello / Entidade de _____ ao Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2020, solicitando a concesión dunha subvención por importe de euros.

2º) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación.

3º) Declarar que o Concello/ a Entidade de _____
non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial
conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente,
estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

ANEXO II
DECLARACIÓN AXUDAS

Don/Dona _____,
alcalde/sa do Concello/presidente Entidade de _____, con CIF
_____, **DECLARA**

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a
mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s
seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

<i>Organismo ou entidade ao que solicita</i>	<i>Data solicitude</i>	<i>Concesión*</i>	<i>Contía</i>

--	--	--	--

**No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarse “pendente” na columna.*

No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

7º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAL E PROVINCIAL NO EXERCICIO 2020.-

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourense (2) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2020, co seguinte teor literal:

Primeira.- Obxecto:

1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación do programa de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2020.

2. Este programa desenvolverase mediante a concesión de subvencións ás ditas entidades locais para o financiamento da prestación de servizos de limpeza das marxes da rede viaria local. A finalidade da subvención é colaborar economicamente cos concellos e mancomunidades no sostemento do servizo público de limpeza das marxes da rede viaria

municipal (prestación que se considera incluída no servizo mínimo obrigatorio de acceso aos núcleos de poboación, recollido no artigo 26 da Lei de bases de réxime local) e no cumprimento das obrigas establecidas na lexislación galega de prevención de incendios forestais. Esta colaboración condiciónase a que por parte dos concellos e mancomunidades se realicen labores de limpeza das marxes das vías provinciais e municipais, co obxectivo último de garantir o mantemento das vías en condicións axeitadas de limpeza e seguridade, dándolle ademais cumprimento ao establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

3. Os servizos subvencionados poderán prestarse mediante calquera modo de xestión dos previstos na lexislación de réxime local, sendo subvencionables todos os gastos correntes directos do servizo. Exclúense os gastos de investimento e os indirectos, así como os definidos como non subvencionables nos apartados 7 e 8 do artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no presente Programa provincial de cooperación os concellos de menos de 20.000 habitantes e as mancomunidades integradas por estes concellos que cumpran os seguintes requisitos:

a) Prestar o servizo de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial cunha máquina rozadora con brazo articulado, durante, polo menos, un período mínimo de tres meses no exercicio 2020. Este período mínimo deberá comprender, en todo caso, as datas nas que a Deputación estableza a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial, conforme co previsto na base sétima, apartado b). Nos supostos de períodos de prestación do servizo que non comprendan meses naturais completos, para o cálculo do cumprimento do período mínimo esixible computaranse os días naturais de prestación, considerándose un mes por cada trinta días naturais.

b) Adherirse ao presente Programa de cooperación no prazo e coas formalidades recollidas na base quinta.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 16311/46200 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020, tramitándose con carácter anticipado o Programa ao abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da

Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:

1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2020, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de 350.000,00 €.

3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2020, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

Cuarta.- Contía das subvencións:

A contía das subvencións que se concedan ao abeiro deste Programa de cooperación será para o exercicio 2020 de 4.500,00 € por entidade local, con destino ao financiamento dos gastos subvencionables de prestación do servizo.

A contía poderá ser inferior nos casos en que así se solicite expresamente pola entidade local interesada.

En todo caso, a contía da subvención nunca poderá exceder do 100% dos gastos subvencionables soportados pola entidade beneficiaria, polo que se reducirá no importe correspondente para o caso de que o gasto xustificado no citado concepto sexa inferior a 4.500,00 €.

Quinta.- Adhesión ao programa:

Os concellos e mancomunidades que desexen adherirse ao Programa de cooperación regulado nas presentes bases deberán facelo mediante resolución do órgano competente na que se aprobe a dita adhesión. A resolución deberá ter o contido que se recolle no anexo I destas bases, modelo que poderá utilizarse para documentar a dita resolución.

Coa solicitude deberase achegar unha declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as

aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo II.

A resolución de adhesión deberá presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

A adhesión dos concellos ou mancomunidades autorizarase mediante decreto da Presidencia, no que se concederá a subvención correspondente ata un máximo de 4.500,00 euros. A resolución de autorización de adhesión deberá ditarse antes do 20 de marzo de 2020. Na dita resolución, ou ben noutra resolución posterior, concretaranse as obrigas de limpeza da rede viaria provincial ás que queda condicionada a concesión da subvención, conforme co previsto na base 7ª.

No suposto en que o número de solicitudes exceda as dispoñibilidades orzamentarias, a Presidencia concederá as subvencións por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación. Para estes efectos, tomarase a data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación da documentación íntegra de cada solicitude, e non se terá en conta a data de presentación de solicitudes incursas en deficiencias formais.

No caso de producirse remanentes con anterioridade ao 24 de abril de 2020 pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Presidencia, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de entrada no rexistro da Deputación, tal e como se establece no parágrafo anterior.

Sexta.- Publicidade das adhesións e da concesión de subvencións:

A resolución de autorización das adhesións e de concesión das subvencións será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Sétima.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas por estas bases e pola Lei xeral de subvencións, en todo aquilo que non resulte incompatible coas

bases do Programa. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Con carácter especial, os concellos e mancomunidades adheridos a este Programa de cooperación quedan suxeitos ás obrigas seguintes:

a) A prestar efectivamente o servizo de limpeza da rede viaria municipal e provincial durante o período de tempo mínimo establecido na base segunda, dispoñendo durante ese período, cando menos, dunha máquina con condutor dedicada a estas tarefas.

b) A realizar especificamente os traballos de limpeza da rede viaria provincial, nos períodos de tempo e nas estradas que se especifiquen na resolución de concesión da subvención ou nunha resolución posterior da Presidencia. A determinación dos ditos traballos realizaraa a Deputación conforme coas seguintes regras xerais:

- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria estará obrigada a limpar, unha vez ao ano, un tramo ou conxunto de tramos da rede viaria provincial de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude, nun período de tempo que se indicará na resolución de concesión. Os tramos obxecto de limpeza situaranse, preferentemente, no territorio da entidade local beneficiaria, pero poderán situarse en territorio de entidades locais próximas dentro da mesma comarca, tendo en conta as necesidades de mantemento da rede viaria provincial. Excepcionalmente, a petición do concello interesado, a Presidencia poderá reducir o número de quilómetros que é obrigatorio limpar nos supostos en que, ao situarse o tramo obxecto de limpeza en todo ou parte fóra do termo municipal, o cumprimento da dita obrigación supoña un sobrecusto excesivo para a entidade beneficiaria.

- A limpeza será de bermas, paseos, foxos e noiros, nunha banda de catro metros en cada marxe, deixando unha altura máxima de vexetación tras a roza duns 5-7 cm. Non obstante o anterior, o ancho da banda de limpeza entenderase reducido na medida necesaria cando polas características do terreo resulte materialmente imposible realizar a limpeza en toda a súa extensión.

- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Servizo de Vías e Obras, cunha antelación mínima de 5 días naturais, a data concreta do inicio da limpeza, dentro do prazo establecido na resolución de concesión, mediante comunicación que se presentará no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación.

- Os técnicos do Servizo de Vías e Obras comunicaranlles ás entidades locais beneficiarias, coa antelación suficiente e mediante notificación con acuse de recibo, a data e

hora nas que realizarán as preceptivas comprobacións da limpeza das vías provinciais que se establezan na correspondente resolución da Presidencia. No acto de comprobación poderá estar presente un representante do concello ou mancomunidade beneficiaria. A inspección realizada recollerase na oportuna acta, á que se acompañará unha reportaxe fotográfica, e na que se consignarán as observacións que poida formular o representante da entidade local beneficiaria.

Oitava.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A.- Certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello ou mancomunidade beneficiaria, no que se fagan constar os seguintes extremos:

a) Que o servizo de limpeza viaria prestouse efectivamente nun período mínimo de tres meses do ano 2020 e ademais e en todo caso nas datas nas que a Deputación estableceu a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial.

b) Se o servizo se prestou por xestión directa, indicárase a identidade do empregado ou empregados públicos designados para a prestación do servizo e o seu réxime de vinculación xurídica coa entidade local.

c) Se o servizo se prestou por xestión indirecta, indicárase o contrato administrativo a través do que se prestou, sinalando a súa data de adxudicación, importe e empresa adxudicataria.

d) Relación dos custes directos subvencionables de prestación do servizo soportados pola entidade beneficiaria, indicando o seu importe.

e) Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

B.- Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

2. As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2020. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2020 e poderá concederse, como máximo, ata o día 11 de decembro de 2020.

No suposto en que non se presente a documentación xustificativa en prazo, non se

formulará ningún tipo de requirimento ao respecto, e procederase directamente á declaración da perda do dereito ou reintegro da subvención, previa audiencia da entidade interesada.

3. Presentada a documentación xustificativa, emitirase informe polo Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, en relación coa corrección da documentación presentada, e polo Servizo de Vías e Obras, no que se determinará se a realización da limpeza das vías provinciais se desenvolveu nas condicións establecidas por resolución da Presidencia.

En caso de que o informe do Servizo de Investimentos e Patrimonio sexa desfavorable, requirirase á entidade solicitante a emenda da documentación presentada, por prazo de dez días hábiles. Neste mesmo prazo, a entidade local poderá formular as alegacións que estime oportunas ao respecto, se considerase que a documentación achegada é correcta.

No caso de que o informe do Servizo de Vías e Obras sexa desfavorable, darase traslado deste informe á entidade beneficiaria, que disporá igualmente dun prazo de dez días hábiles para a formulación de alegacións.

Os trámites anteditos se refundirán nun único trámite de audiencia e requirimento de emenda de deficiencias, no caso de que os dous informes sexan desfavorables.

4. Concluída a instrución da peza de xustificación, o Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio (previo o informe do Servizo de Vías e Obras respecto das alegacións respecto da limpeza efectuada nas vías provinciais) formulará proposta de resolución á Presidencia.

A dita proposta será sometida a fiscalización previa pola Intervención, conforme co previsto nos artigos 214 a 218 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Presidencia resolverá, segundo proceda, nalgún dos sentidos seguintes:

a) Declarar totalmente xustificada a subvención, ordenando o seu pagamento ao beneficiario, cando a xustificación se presente correctamente e o informe de Vías e Obras sexa favorable.

b) Declarar parcialmente xustificada a subvención, ordenando o pagamento do importe correspondente, e a simultánea declaración de perda parcial do dereito á subvención (ou do reintegro dos pagos anticipados, de se-lo caso) nos supostos en que o gasto xustificado sexa inferior á subvención concedida ou cando conste a existencia doutras axudas ou subvencións, públicas ou privadas que, sumadas á subvención provincial, excedan en

conxunto do gasto xustificado.

c) Declarar a perda total do subvención (e a obriga de reintegro dos pagos anticipados, de se – lo caso) nos casos en que o informe do Servizo de Vías e Obras sexa desfavorable, así como nos casos de ausencia de xustificación ou cando da xustificación presentada se desprenda o incumprimento das condicións establecidas no presente Programa. Excepcionalmente, nos supostos en que do informe desfavorable do Servizo de Vías e Obras se desprenda que o incumprimento da obriga de limpeza das marxes da rede viaria provincial ten un carácter leve, a Presidencia poderá declarar unicamente a perda ou reintegro parcial da subvención, reducindo esta na porcentaxe que se considere axeitada en aplicación do principio de proporcionalidade.

5. Sen prexuízo do anterior, poderá realizarse o pago anticipado do 50 % do total estimado da subvención en calquera momento posterior á adhesión ao Programa de cooperación, trala solicitude previa da entidade local beneficiaria. O pagamento anticipado suxeitarase aos requisitos establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).

6. Nos supostos en que da acta á que se refire o derradeiro parágrafo da base 7ª se desprenda un incumprimento de carácter substancial e non emendable por parte do beneficiario, a Deputación, sen necesidade de agardar á presentación da xustificación, iniciará o expediente de declaración de perda total ou reintegro da subvención, no que se dará audiencia ao interesado.

En caso de que o incumprimento advertido teña carácter leve ou sexa emendable, a entidade local beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais para emendar as deficiencias advertidas. Transcorrido o dito prazo, o Servizo de Vías e Obras xirará nova visita de inspección, da que se levantará acta con mesmo contido que na primeira visita. De persistir as deficiencias, a Deputación procederá á apertura do expediente de declaración de perda ou reintegro da subvención, que poderá ter carácter parcial en caso de incumprimentos leves. A declaración de perda parcial non eximirá á entidade local beneficiaria da obriga de presentar a xustificación prevista no apartado 1 desta base con respecto á parte de subvención subsistente.

7. A Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións. Cando do informe de control financeiro se deduza a existencia de

irregularidade na xustificación, a Deputación incoará o expediente de reintegro que proceda, que se tramitará conforme ao previsto na Lei xeral de subvencións e á súa normativa de desenvolvemento.

Novena.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para a mesma finalidade, sempre que o conxunto das axudas percibidas non exceda do 100 % do gasto corrente directo do servizo subvencionado soportado pola entidade local no período mínimo recollido na cláusula primeira. No suposto de que as subvencións percibidas excedan a dita porcentaxe, a subvención reducirase ata acadar o límite sinalado. A redución poderá acordarse, de oficio ou a instancia do beneficiario, en calquera momento no que a Deputación teña coñecemento da concorrencia de axudas, e mesmo con posterioridade ao pagamento da subvención, mentres non prescriba a acción administrativa de reintegro.

Estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.

Décima.- Normativa aplicable:

De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, as subvencións incluídas neste programa de cooperación réxense polas súas normas específicas. A Lei xeral de subvencións e as súas normas complementarias e de desenvolvemento serán de aplicación supletoria, agás naqueles casos en que as presentes bases remitan ás ditas normas, en que serán de aplicación directa.

En todo caso, será de aplicación a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

ANEXO I

MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2020, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:

1º) Aprobar a adhesión do Concello / da Mancomunidade de _____ ao Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das

redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2020, solicitando a concesión dunha subvención por importe de 4.500 euros (no caso de solicitar un importe inferior, indíquese expresamente neste apartado a cifra solicitada).

2º) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.

3º) Declarar que o Concello/ a Mancomunidade de _____ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

ANEXO II
DECLARACIÓN AXUDAS

Don/Dona _____, alcalde/sa do Concello/presidente Mancomunidade de _____, con CIF _____,

DECLARA

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión*	Contía

**No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarse "pendente" na columna.*

No caso de solicitudes denegadas, farase constar "denegada".

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

8º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE MOCIDADE PARA O EXERCICIO 2020.-

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourenseana (2) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2020, co seguinte teor literal:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2020. A finalidade deste Programa é contribuír ó financiamento das actividades desenvolvidas polos concellos da provincia e a entidade local menor de Berán en prol da mocidade ó longo do exercicio 2020.

2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, cando desenvolvan actividades en prol da mocidade durante o exercicio 2020.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas actividades, sempre que fosen autorizados a partir do 1 de xaneiro de 2020.

3ª) Contía das subvencións:

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 6.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ó desenvolvemento das actividades subvencionadas. A subvención concedida á entidade local menor de Berán poderá acadar a contía máxima de 3.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ó desenvolvemento das actividades subvencionadas.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 46211/24111 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020, tramitándose con carácter anticipado o Programa ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:

1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2020, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de 549.000,00 €.

3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2020, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

5ª) Resolucions de adhesión ó programa e solicitudes de subvención: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:

As resolucions de adhesión ó programa -que inclúen as solicitudes de subvención- subscribas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial e deberán presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, consonte como modelo que achégase como anexo I a estas bases.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención que se presentará consonte como modelo que achégase como anexo II a estas bases.

6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.

As solicitudes de adhesión presentadas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes, agás nos seguintes casos:

- a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo*
- b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencias advertidas no prazo concedido.*

A resolución de concesión das subvencións adoptarase antes do 20 de marzo de 2020 e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

7ª) Contía das subvencións:

Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 6.000 €. A entidade local menor de Berán disporá dunha axuda por importe de 3.000,00 €. Esta subvención entenderase concedida, a tódolos efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.

Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:

- Se o gasto efectivo das actividades subvencionadas fose inferior á dita cantidade.*
 - Se as achegas doutras administracións públicas que financian as actuacións exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo das actividades subvencionadas.*
- A redución da contía das subvencións declárase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.*

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas a percibir polas entidades beneficiarias.

8ª) Xustificación da subvención:

1. As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2020. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2020 e poderá concederse, como máximo, ata o día 11 de decembro de 2020.

2. A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario da entidade na que se indique o seguinte:

- Relación de actividades realizadas con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.*
- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigaçión no exercicio 2020.*
- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento das actividades subvencionadas.*

B) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da subvención.

C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflicta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. Para considerar xustificada a subvención, os concellos deberán acreditar a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 6.000,00 € e a entidade local menor de Berán por unha contía igual ou superior 3.000,00 €. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que a entidade beneficiaria percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan o 100 do custe soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.

9ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.

No local onde se realicen as actividades subvencionadas deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

10ª) Normativa supletoria:

De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma

supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.

ANEXO I

MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2020 e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:

1º) Aprobar a adhesión do Concello / Entidade de _____ ao Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2020, solicitando a concesión dunha subvención por importe de euros.

2º) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación.

3º) Declarar que o Concello/ a Entidade de _____ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

ANEXO II

DECLARACIÓN AXUDAS

Don/Dona _____, alcalde do Concello/presidente Entidade de _____, con CIF _____,

DECLARA

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para

a mesma finalidade:

<i>Organismo ou entidade ao que solicita</i>	<i>Data solicitude</i>	<i>Concesión*</i>	<i>Contía</i>

**No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase “pendente” na columna.*

No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.

Ourense, ____ de _____ de 20

Asdo.: _____

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

9º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN PARA A ELABORACIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA POR SECA, COMPLEMENTARIO DAS AXUDAS CONCEDIDAS CO DITO FIN POR AUGAS DE GALICIA EN VIRTUDE DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO DOG N.º.118, DO 24 DE XUÑO DE 2019

O debate deste punto tivo lugar co do punto quinto da orde do día.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourense (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación para a elaboración de plans de emerxencia por seca, complementario das axudas concedidas con dito fin por Augas de Galicia en virtude da convocatoria publicada no DOG nº.118, do 24 de xuño de 2019, co seguinte teor literal:

Primeira.- Obxecto:

1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación dun programa de cooperación para a elaboración de plans de emerxencia por seca, destinado exclusivamente ós concellos da provincia de Ourense relacionados no punto terceiro desta cláusula, co fin de complementar as axudas concedidas a aqueles con dita finalidade por Augas de Galicia en virtude da convocatoria publicada no DOG nº.118, do 24 de xuño de 2019. O obxectivo do programa é que as entidades locais beneficiarias dispoñan dun instrumento básico de planificación para xestionar os posibles episodios de seca, de tal xeito que se garanta o abastecemento á poboación e se fomenta o emprego eficiente dos recursos hídricos.

2. Para ser subvencionables, os plans de emerxencia por seca deberán ter un contido acorde ó disposto no artigo 7 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, nas demais disposicións legais e regulamentarias de aplicación e nos plans de seca das correspondentes demarcacións hidrográficas.

En todo caso, o seu contido incluirá, como mínimo:

a) Unha descrición e un diagnóstico do sistema de abastecemento, con indicación dos recursos dispoñibles, as áreas de captación e as demandas de auga.

b) A determinación das zonas máis vulnerables en caso de seca e dos usos da auga máis relevantes desde o punto de vista económico e social, coa identificación da poboación, os condicionantes ambientais, os principais elementos do patrimonio natural e actividades estratéxicas que poderían verse afectados.

c) Un sistema de indicadores e escenarios coherente co recollido no correspondente plan de seca da súa demarcación hidrográfica.

d) As medidas de xestión a adoptar en cada un dos distintos escenarios incluídos.

e) A previsión dunha subministración alternativa ante situacións de escaseza temporal, razoable e proporcional ás concretas circunstancias que potencialmente se poidan producir nestas situacións e á súa duración.

f) As actuacións que se considere necesario executar para garantir o abastecemento á poboación durante un episodio de seca, incluídas as obras de captación e condución que sexan precisas.

3. Este programa desenvolverase mediante a concesión de subvencións ós concellos que seguidamente se relacionan, co fin de complementar o financiamento das actividades necesarias para acadar o obxectivo proposto: Baños de Molgas, Coles, A Teixeira, Xunqueira de Espadañedo, Lobeira, Petín, Manzaneda, A Veiga, O Bolo, Vereá, Rubiá, Muiños, Bande, Vilamartín de Valdeorras e Avión.

4. As actuacións subvencionadas poderán realizarse mediante calquera modo de xestión dos previstos na lexislación de réxime local, sendo subvencionables todos os gastos directos do servizo. Exclúense os gastos indirectos, así como os definidos como non subvencionables nos apartados 7 e 8 do artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

Segunda.- Gastos subvencionables:

Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas contratacións, incluíndo gastos salariais e de Seguridade Social, así como os honorarios ou contraprestacións económicas por servizos profesionais prestados por contratistas.

Terceira.- Contía das subvencións:

A contía das subvencións concedidas ao abeiro deste Programa de cooperación será de 3.750,00 € por entidade local, sen prexuízo de que dito importe poderá reducirse nos casos en que así se solicite expresamente pola entidade local interesada.

En todo caso, a contía da subvención nunca poderá exceder do 20% dos gastos subvencionables soportados pola entidade beneficiaria, polo que se reducirá no importe correspondente cando resulte procedente

Cuarta.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas no presente programa realizarase con cargo á aplicación 414.11/450.00, dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2019.

Quinta.- Tramitación e adhesións:

1.- O presente programa será sometido a aprobación inicial polo pleno da corporación provincial e seguidamente a información pública polo prazo de 10 días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Ourense. De non producirse alegacións entenderase aprobado definitivamente e, no caso contrario, someteranse aquelas á consideración do pleno para a aprobación definitiva do programa.

Logo de aprobarse definitivamente o programa, publicarase o pertinente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Ourense, incluíndo o texto íntegro desta bases e a relación de concellos beneficiarios e das axudas concedidas

2. A aprobación definitiva do programa levará implícita a adhesión dos concellos beneficiarios, sen prexuízo da súa facultade de formular as alegacións que estimen oportunas con ocasión do trámite de información pública e de renunciar as axudas con posterioridade á súa concesión efectiva

Sexta.- Deberes dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todos os deberes impostos por estas bases e pola Lei xeral de subvencións, en todo aquilo que non resulte incompatible coas bases do programa. En particular, quedan suxeitos aos deberes de control financeiro e reintegro nos casos previstos na devandita lei.

Sétima.- Xustificación e pago da subvención:

1. As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención antes da data 30 de novembro de 2020.

2. A dita subvención xustificarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

a) Certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

- Relación de contratos/nomeamentos formalizados/realizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto, duración e importe.

- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigaón nos exercicios 2019 e 2020.

- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos/nomeamentos subvencionados.

b) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pago da subvención.

Oitava.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do INORDE para a mesma finalidade, sempre que o conxunto das axudas percibidas non exceda do 100 % do gasto directo do servizo subvencionado soportado pola entidade local no mesmo período. No caso de que as subvencións percibidas excedan a devandita porcentaxe, a subvención reducirase

ata conseguir o límite sinalado. A redución poderá acordarse, de oficio ou a instancia do beneficiario, en calquera momento no que a Deputación teña coñecemento da concorrencia de axudas, e mesmo con posterioridade ao pago da subvención, mentres non prescriba a acción administrativa de reintegro. En ningún caso a achega da deputación provincial excederá do 20% do gasto soportado polo concello.

Novena.- Normativa aplicable:

De conformidade co establecido na Disposición Adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, as subvencións incluídas neste programa de cooperación réxense polas súas normas específicas. A Lei xeral de subvencións e as súas normas complementarias e de desenvolvemento serán de aplicación supletoria, excepto naqueles casos en que as presentes bases remitan ás devanditas normas, en que serán de aplicación directa.

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A SUPRESIÓN DO PLENO DO DEBATE DO ESTADO DA PROVINCIA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción, abríndose logo o debate entre os portavoces dos grupos.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

O resumo das intervencións dos grupos é o seguinte:

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, expón o contido da moción, á que da lectura, e na que en síntese se defende a supresión do debate do estado da provincia pola súa inutilidade, sinalando que a maioría das propostas de resolución aprobadas neste debate nos últimos anos están sen executar, argumentando que este debate polo seu erróneo deseño (no que se tratan ata cincuenta propostas de resolución nunha mañá, o que é inviable) a falta de dotación orzamentaria (que se decide nun pleno anterior, o dos orzamentos, que é o importante) e a falla de vontade política, se reduce a un acto de propaganda política presidencial. Lembra que Democracia Ourensana pediu a supresión deste debate en 2017, citando os duros

cualificativos utilizados polo entón portavoz Sr. Pérez Jácome, que o consideraba un show teatral organizado por un tolo, e establece un símil entre este debate e o guión da película *Good bye, Lenin*, no que o fillo da protagonista monta unha farsa no salón da súa casa para facer crer á súa nai que nada mudara na RDA. Ao fío deste símil, lembra que o muro de Berlín caeu hai trinta anos, e que en Ourense, tra –las últimas eleccións municipais, caeu ao cabo de trinta e dou anos o muro do sistema clientelar, pero alguén – en referencia DO – prestouse a mantelo en pé. Polo exposto, o seu grupo solicita a supresión deste debate.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que defende o debate do estado da provincia, porque é unha oportunidade extraordinaria para que grupos políticos como o seu poidan expoñer publicamente as súas ideas e proxectos para a provincia e demostrar do que serían capaces en canto a mellorar o goberno provincial. Cre que a non participación no debate – que foi o que fixo o Grupo Socialista este ano – é unha falla de respecto ao escano e á institución, e que o Grupo Socialista comete un erro moi grave ao actuar así, considerando unha mágoa que se desperdicie unha moción en traer unha proposta como esta. Polo exposto, anuncia o seu voto en contra.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana di que concorda co expresado pola Sra. Lama, e que as críticas do Grupo Socialista se poderían ter manifestado no propio debate do estado da provincia cuxa supresión se reclama; reconece as críticas que no seu día fixo o Sr. Pérez Jácome, pero advirte que, a diferenza do que fixo o Grupo Socialista, o Sr. Pérez Jácome veu ao debate a formular esa dura crítica, cousa que o Grupo Socialista non fixo, dando a espantada no que considera unha falla de respecto á institución, ao resto de grupos e aos seus votantes, ademais dun erro de estratexia política, dado que no debate do estado da provincia terían máis tempo para esa crítica e non terían que adiantar po escrito o seu argumentario, o que lles tería dado a vantaxe do elemento sorpresa. Invoca os argumentos do profesor da Universidade de Málaga don Francisco Quintelo González, dando lectura a determinados pasaxes dun estudo sobre este tipo de debates, no que se conclúe que son en esencia unha ferramenta de control político global da labor do goberno, e ao fío disto di que se o debate do estado da provincia é unha perversión dese concepto será por culpa da oposición, porque ao debate hai que vir, e se o debate é un instrumento de control e fiscalización do goberno, é a oposición a que ten a responsabilidade de exercitar ese mecanismo, considerando inaudito que un grupo político da oposición como o Grupo Socialista pida a supresión dunha ferramenta de control do goberno provincial. Cita tamén unhas recentes declaracións do histórico

dirixente do PSOE Felipe González, na que se queixaba do baixo nivel actual do debate parlamentario, no que sobran difamacións e ataques persoais e falla en cambio a análise crítica das políticas, e lembra a este respecto os cualificativos utilizados no concello de Ourense polo portavoz socialista respecto do Sr. Pérez Jácome, ao que cualificaron de “cuatreiro político”, “iletrado” e outras lindezas, preguntándose como é posible que o Grupo Socialista presente unha moción baseándose en parte en argumentos formulados no seu día por quen agora descualifican dese xeito. Continúa dicindo que agora o Sr. Pérez Jácome non está aquí na Deputación, e que o portavoz é outra persoa, el mesmo, cun estilo diferente e mesmo con ideas diferentes (aínda que non sexa certo o que dixo un membro do PSOE de que o ouviran discutir a gritos con Jácome nun despacho do concello); reconece que o Sr. Pérez Jácome optou no seu día por unha oposición política moi agresiva, pero di que iso non lles permitiu acadar mellores resultados, e de feito perderon un concelleiro en Ourense, Pereiro de Aguiar e Barbadás, e por iso DO decidiu mudar de política, porque se decataron de que ese camiño non os levaba a ningures, e pregúntase se é que só o PSOE está autorizado a cambiar de opinión ou de política, poñendo como exemplo que a nivel nacional o PSOE ven de asinar un pacto de goberno co Podemos, cando durante moito tempo o seu dirixente Pedro Sánchez rexeito esa posibilidade, citando diversas declaracións súas ao respecto no que se descualificaba a Podemos e os seus dirixentes. Di ademais que DO non acadou un pacto co PSOE porque non foi posible. Con respecto ao símil co filme *Good bye, Lenin*, di que lle chamou a atención que o portavoz do Grupo Socialista puxera como exemplo unha película que é unha burla da esquerda europea, pero en todo caso lembra un os momentos máis divertidos da película, cando o personaxe de Alex tenta convencer á súa nai de que a coca – cola era un invento soviético, sendo obvio que non o é, e engade que do mesmo xeito o PSOE non pode dicir que a ética política ou o don da palabra o inventasen eles, porque a súa actuación neste asunto demostra o contrario.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular di que é evidente a tentativa do Grupo Socialista de minar a boa relación entre DO e PP, e pregúntase se esta moción ten por obxectivo atacar a José Manuel Baltar, como creador do debate do estado da provincia, ou a Gonzalo Pérez Jácome. Acusa ao Sr. Rodríguez Villarino de mentir na súa moción ao falar das porcentaxes de incumprimento das propostas adoptadas nos debates do estado da provincia, e di que por exemplo as propostas de 2018 (das que o portavoz socialista di que están sen executar nun 95 %) o 46 % xa están executadas, o 32 % están en estudo ou en fase de programación e só un 22 % están sen executar. Engade que das 22 propostas

aprobadas no debate de 2018, 9 foron presentadas polo Grupo Socialista no anterior mandato, e di que delas seis pasaron ao Plan de Mandato 72 73 e unha xa está cumprida (a rede de concellos termais, xa constituída) e noutras houbo avances, como a dinamización económica e empresarial a provincia, co recente anuncio da Xunta de poñer a disposición máis solo empresarial procedente da Tecnópole para o polígono, ou a enquisa sobre os servizos públicos locais, xa publicada, ou o parque empresarial do sector agroalimentario, en fase de estudo. Di que o Sr. Rodríguez Villarino o acusou de perversión, estafa, incoherencia e inutilidade, e que esa mesma crítica en realidade élle de aplicación a el: perversión, porque niso consiste a política de xestos e accións grandilocuentes do Sr. Villarino, mesmo cunha foto diante dun valo publicitario para acadar un oco nos medios de comunicación; estafa, porque minte, como di que fixo ao citar a proposta de recuperar o patrimonio inmaterial omitindo as accións levadas a cabo dende o Centro de Cultura Popular *Xaquín Lorenzo*, ou a recuperación do cancionero dende a Escola de Gaitas ou a recente edición dun libro sobre o barallete; incoherencia, ao pedir a supresión dun debate político que serve para que os grupos da oposición poidan poñer sobre a mesa os asuntos que consideren máis relevantes, e inutilidade, porque ese é o resultado da política de xestos do Sr. Rodríguez Villarino, cun pobre balance na oposición que se resume na teima do Plan Varela e na súa ausencia no debate do estado da provincia; tirando do refraneiro popular dille que “voceiro novo, leña verde, todo fume”, e engade que as únicas propostas que xamais se executarán serán as que o Grupo Socialista non presentou no debate do estado da provincia; cita tamén ao dirixente socialista don Gonzalo Caballero, cando dixo que o PSOE en Galicia non tiña teito, e comenta ironicamente que, en efecto, coas súas políticas e actitudes están á intemperie.

Na segunda quenda de intervencións, as posicións dos grupos se resumen no seguinte:

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, dille á Sra. Lama que polo feito de non vir non lle faltou ao respecto ao ninguén, e que cos que levan faltándolle ao respecto á provincia dende hai trinta e dous anos abonda. En resposta ao Sr. Caride, dille que DO padece de disonancia cognitiva, porque din unha cousa e fan outra distinta, e que esa disonancia xera un estado de ansiedade que só se supera co auto - engano, pero que o teñen moi complicado porque ese engano é tan claro e vergoñento que non hai quen os crea, engadindo que a disonancia cognitiva é un fenómeno moi estudado e que ante a evidencia dese engano a argumentación do Sr. Caride é irrelevante dende calquera punto de vista. En réplica ao Sr. Álvarez Dobaño, dille que só hai unha cousa máis ave que enganar aos demais,

e é enganarse un a se mesmo, e que o debate do estado da provincia non é máis que unha grande farsa, unha burla á provincia ao servizo dun prestidixitador – en referencia ao Sr. presidente – ao que ninguén cre, e que padece o mesmo problema que o emperador nu do conto de Andersen, porque esa cerimonia ampulosa que é o debate e que o Sr. presidente escenifica ante a plana maior do seu partido non ten por obxecto discutir as necesidades reais da provincia – como o reparto obxectivo dos fondos públicos, que si se fai xa nas outras tres provinciais aínda que non lles guste oílo, ou unha planificación para finalidades específicas de desenvolvemento – senón que o Sr. presidente poida gabarse de éxitos que non se lle deben a el, como que se reduza o desemprego, medre o turismo, manen as augas termais ou mesmo que o AVE chegue a Ourense. Di que ao Sr. presidente pásalle como a Sancho Panza cando gobernaba a Ínsula Barataria, porque tamén acabou gobernando unha insua, pero non a Insua dos Poetas, na que tantos cartos gasta, senón a insua de Baltarnia, que con gallarda ourensanía afúndese entre Galicia, Portugal e España. Cualifica ao Sr. presidente de César provincial que se enche de chapas e medallas presumindo de participar en institucións nas que non representa a ninguén, e lembra que non existe a urna na que fora elixido polos cidadáns presidente da Deputación, por moito que presuma de ter sido candidato á presidencia; lembra tamén que presumiu de reunirse con Jean Claude Juncker, presidente da Comisión Europea, pero que este lles informou – e teñen a súa resposta po escrito – de que non o coñecía de nada, ou que preside unha asociación de cidades termais históricas europeas sen ser alcalde de ningunha, o tal vez si, a través dun boneco chamado Gudinsalvo (en alusión ao Sr. Pérez Jácome) ao que move a distancia mediante fíos. Di que o señor presidente é o gobernante dun trono herdado con escuras mañas do seu pai, anterior presidente condenado por corrupción, e di que alguén así non lles pode recriminar que se neguen a formar parte dun teatro erixido só á súa maior gloria, e que ao non acudir ao debate o Grupo Socialista simplemente se nega a formar parte da farsa que sosteñen os baltaristas do PP e jacomistas de DO, advertindo que C's e BNG semellan crer aínda que se pode confiar nesta xente. Di que o único que fuxiu e deu a espantada ante o Pleno foi o Sr. presidente e os seus acólitos canto – no anterior mandato - tiña que dar a cara neste salón de sesións por ter intercambiado traballo por sexo, e por tanto, non admite ningunha lección a este respecto. Afirma que o PSOE non virá nunca máis a esa farsa de debate, porque os que levan trinta e dous anos de goberno caciquil non teñen lexitimidade para soste ese debate, e Ourense non cre neles, e o PSOE construírá un proxecto de provincia alternativo, a pé de país, indo a falar a cada lugar do territorio, pero non a este,

que é un lugar estéril e improdutivo, baixo a lousa do caciquismo dos Baltar que outros – en referencia a DO – se empeñan en manter.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que lamenta profundamente a actitude do portavoz do Grupo Socialista, e en resposta á súa afirmación de que o PP leva trinta e dous anos faltándolle ao respecto á provincia, pregúntase se é que foron os cidadáns que votaron maioritariamente a ese partido, ao que ela pertenceu no seu momento e está orgullosa disto, os que lle faltaron ao respecto á provincia; di que as maiorías hai que respectalas, como hai que respectar agora a maioría obtida por don Pedro Sánchez, que debería gobernar España, pero co apoio de partidos constitucionalistas, non de populistas que queren romper o país, e cualifica de populista a actitude do Sr. Rodríguez Villarino, do que din que non respecta nin á institución nin as opinións alleas, polo que se reitera no seu voto en contra da moción.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana dille ao Sr. Rodríguez Villarino que vaia mitin acaba de botar, e que só se explica un discurso así en clave política interna do PSOE e como resposta ao golpe de man que tivo lugar onte na executiva local do seu partido. Dille tamén ao portavoz socialista que dado que el emprega no debate termos da súa profesión de psicólogo, el vai empregar conceptos da profesión xurídica, e neste senso afirma que as cousas son o que son, e non o que as partes digan, e a realidade é a que é, e non a que describe o Sr. Rodríguez Villarino no seu discurso, insistindo en que a súa ausencia no debate do estado da provincia non ten xustificación, e que é nese debate onde teñen que expoñer as súas críticas políticas. Di tamén que hai que preguntarse por que durante trinta e dous anos o PP gobernou a provincia e o PSOE non foi quen de artellar unha alternativa política, e algunha responsabilidade tería o PSOE ao respecto, e cre – porque militou anos nese partido e o coñece ben – que a resposta está nas continuas loitas internas, á marxe dos intereses da cidadanía; e tamén na dificultade para a relación institucional cos outros grupos políticos, porque é moi difícil manter unha boa relación co PSOE, e pon como exemplo que na porta do local do Grupo Socialista na Deputación hai colgados carteis satíricos alusivos a DO e os seus deputados, así como o feito de que o PSOE lanzase un ataque ao seu fillo, un mozo de vinte e dous anos que trata de saír adiante como músico, dicindo falsidades como que recibe cartos da Deputación o que non é certo porque non recibe un can, engadindo que lle vai custar moito perdoar iso, porque é algo propio de malas persoas, utilizar ao seu fillo para atacalo a el; di que para sacar a provincia adiante temos que chegar a entendementos entre todos, e que el ten unha boa relación coa

portavoz de C's e co portavoz do BNG, e pregúntase por que non a ten co PSOE, respondendo que porque é moi difícil ter relación con eles, que están centrados nas loitas internas, xa non por intereses partidistas senón mesmo persoais, cuestión que coñece ben porque foi militante do PSOE e foi obxecto dun expediente disciplinario precisamente por tratar de chegar a acordos; di que bota de menos a persoas como Sr. Vazquez Barquero no PSOE, co que tivo discrepancias pero co que se podía falar, cousa que non sucede con eles, e por todo isto pide que non lle veñan con leccións de moralidade, porque DO non pactou co PSOE porque o PSOE non quixo, pero os feitos demostran agora que non pactar co PSOE foi un acerto, porque sería imposible gobernar con eles dada a súa actitude.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular dille ao Sr. Caride que non se sorprenda polo ataque ao seu fillo, porque outra vez lle tocou a el, e di que meter á familia nestes debates é caer moi baixo, e que iso el nunca o faría, aínda que lle chegan informacións sobre o Sr. Rodríguez Villarino que si se fixeran públicas igual se tiña que agochar nun cesto; di que as fraseciñas grandilocuentes do seu discurso as puido dicir no debate ao que non compareceu. Lembra que o Sr. presidente presentouse ás eleccións municipais afirmando abertamente que se o PP gañaba sería presidente da Deputación, e cun programa que era o plan de mandato 72 73, e que o Sr. Rodríguez Villarino non fixo tal cousa. Con respecto á afirmación do Sr. Rodríguez Villarino en canto a que Ourense non cre no PP, en todo caso semella que no PSOE aínda cre menos, a xulgar polos resultados. Di que a FEMP aprobou por unanimidade – co apoio do PSOE – un Código de Bo Goberno no que se recomenda establecer este tipo de debates, que existen en moitos concellos e en sete deputacións españolas – algunhas gobernadas polo PSOE – e que na Deputación está previsto na Disposición Adicional 5ª do Código Ético aprobado en pleno, e mesmo o PSOE propuxo no seu día implantar este debate no concello de Ourense, polo que non entende a súa non comparecencia no debate, que cualifica de erro político maiúsculo, opinión que cre comparten moitos membros do PSOE. Insiste na utilidade do debate, e di que o grao de cumprimento dos acordos adoptados nestes debates achégase ao 80 %. Di tamén que o Grupo Socialista tentou que os outros grupos provinciais non asistiran ao debate, pero non tivo éxito, e agradece a eses grupos a súa asistencia. Pregúntase se o Grupo Socialista comparecerá no debate en 2020, cousa que cre que dependerá de quen sexa o portavoz, pero en todo caso respectará a decisión que ese grupo adopte, e agarda que a veciñanza, que é quen ten a palabra en última instancia, tome nota ao respecto.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, pecha o debate cunha serie de réplicas aos portavoces do resto de grupos, e di que se a Sra. Lama ten dúbidas en canto á súa permanencia como portavoz do Grupo Socialista, el ten dúbidas sobre se estará a Sra. Lama no futuro, en sobre todo en que partido; dille ao Sr. Caride que a súa intervención revela a realidade da disonancia cognitiva e do seu alto nivel de ansiedade, e di que ninguén veu aquí a falar do seu fillo e que non pode afirmar que ese carteis satíricos na porta da oficina do seu grupo os colocara alguén do PSOE, pedíndolle que non fale de persoas que non están, como o Sr. Vázquez Barquero, e que o difícil non é confiar no PSOE, o difícil é confiar en DO, que di unha cousa e logo fai outra; dille ao Sr. Álvarez Dobaño que se ten cousas que sacar sobre el que as saque agora mesmo, e se non as saca é porque non as ten. Con respecto ao Código de Bo Goberno da FEMP, di que ese código tamén recomenda o reparto obxectivo dos fondos públicos, e que o seu grupo xa formulou unha queixa polo feito de que estea na directiva da FEMP unha persoa como Baltar que segue a facer política caciquil en contra dos criterios da propia FEMP; e ao respecto do Código Ético da Deputación, pídelles ao Sr. Álvarez Dobaño que non mente aquí á bicha, porque os membros do Comité de Ética da Deputación fuxiron no seu día e aínda non os atoparon. Pregúntase tamén quen escribiu o Plan de Mandato 72 73, e cre que non o fixo o S. Presidente, porque a verdade é que ese texto mestura o castelán e o galego e está cheo de faltas de ortografía, polo que cre que non o escribiu el. Di que o PSOE é un partido moi grande, que o transcende a el, e que cando alguén marcha do PSOE a xente se pregunta por que, e cando marcha do PP se preguntan por canto, e esa é a diferenza. Agarda que a veciñanza, en efecto, tome note dos argumentos duns e doutros, e de como levamos trinta e dous anos gobernados por unha estirpe que non afunde, e di que é unha mágoa que non exista elección directa do presidente da Deputación – que o Sr. Baltar propuxo, si, pero porque sabe que non se vai a establecer ese sistema – porque de ser así hai tempo que as cousas terían mudado, ao xulgar por tanta xente do PP que se queixa deste presidente, que só se mantén grazas aos mecanismos de compra de vontades de que dispón que lle permiten manter o apoio de determinadas alcaldías.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, e ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourense (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), non se aproba o acordo proposto na dita moción.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A SITUACIÓN DO HOSPITAL COMARCAL DE VALDEORRAS E A SANIDADE NO RURAL DA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución á moción do Grupo Socialista, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

Don Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo ten unha emenda de adición á súa moción, que formula oralmente, consistente en engadir unha referencia á situación do hospital de Verín no punto 1º, e un 3º punto para que se mantenha aberto o servizo de paridoiro do Hospital de Verín.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

O resumo das intervencións dos grupos é o seguinte:

Don Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista, expón o contido da súa moción, á que da lectura, e na que, en síntese, denúnciase o que cualifica de desmantelamento da sanidade pública para a súa privatización dende hai dez anos, como consecuencia da política sanitaria do Sr. Feijoo á fronte da Xunta de Galicia, afectando tanto á atención primaria como aos servizos especializados, centralizando a xestión sanitaria de xeito que os hospitais comarcais se converten en reservas de especialistas ao servizo do hospital central de referencia de cada área sanitaria, o que prexudica ao rural en xeral e particularmente a comarcas afastadas como Valdeorras, Trives, Viana e Verín, cuxos veciños teñen cada vez máis que acudir a Ourense ou á sanidade privada, poñendo como exemplo o recente peche da sala de partos do hospital de Verín, que cualifica, como dixo o xinecólogo do hospital, de calamidade e cafrada. Di que hai que recuperar o nivel de servizos dos centros de atención primaria e dos hospitais comarcais, cuxo desmantelamento afonda na despoboación do rural, e prega aos demais grupos o apoio para esta moción, que non é unha moción política senón unha reclamación social desas comarcas afastadas que tamén forman parte da provincia e que precisan unha sanidade pública e de calidade.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, lembra que na comisión informativa reservou o voto porque tiña que informarse antes, e di que se trasladou ao Barco e falou cos profesionais, que lle transmitiron unha situación de deterioro e perda progresiva dos servizos e precarización da situación do persoal (supresión da

consulta de dermatoloxía, redución da actividade cirúrxica, de traumatoloxía, de uroloxía, de cardioloxía, hematoloxía, pediatría ou de admisión, entre outras, redución do número ou da xornada dos especialistas, o que ocasiona continuas derivas a Ourense dos pacientes, e que incluso levou a concertar servizos cun hospital privado de Ponferrada, non funciona o servizo de hospitalización a domicilio, nin hai investimentos en equipamentos e tecnoloxía, non se cobren determinadas baixas de especialistas nin períodos vacacionais...) Di que ademais se teñen ido especialistas a Castela e León porque lles ofrecen mellores condicións contractuais, cando en Ourense se fan contratos de curta duración. Di tamén que ante esta situación se teñen duplicado os traslados en ambulancia a Ourense, aínda que as ambulancias son as mesmas que hai anos. Engade que se centralizou a toma de decisións en Ourense, perdéndose a capacidade de autoxestión e orzamentaria. Comenta que Valdeorras ten unha elevada poboación xeriátrica, que esixe recursos. Di que tamén se sufriron recortes nos médicos de atención primaria, e que no caso do Hospital Comarcal nomeouse un xerente que non é médico, o que en si non sería un problema se houbera un director médico, pero non o hai, co que os profesionais non teñen n interlocutor médico ao que dirixirse. Todo o cal revela a gravidade da situación no rural, que en determinados casos pode ser incluso dramática.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourense felicita á Sra. Lama polo seu minucioso informe, recoñecendo o seu traballo neste asunto. Di que o obxectivo é que os servizos do Hospital Comarcal de Valdeorras sexan os mellores posibles, e por iso van apoiar a moción do PSOE coa emenda do PP. En canto ao do paridoiro de Verín, di que ten as súas dúbidas, porque cre que é un asunto específico que requiriría un tratamento individualizado, e non sabe se será acertado tratar todo no mesmo lote, porque aínda que a título persoal está a favor de que se manteña ese servizo, ten escoitado opinións contraditorias ao respecto mesmo entre os profesionais sanitarios, polo que esperará a ver a posición do resto dos grupos no debate.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular inicia a súa intervención cunha alusión ao discurso do Sr, Rodríguez Villarino no punto anterior, no que se considerou aludido nas palabras do portavoz socialista contra o baltarismo, rexeitando as súas acusacións, e dille que o seu é un dogmatismo moi perigoso, porque ademais os seus principios dogmáticos son simulados. Entrando no debate do asunto, di en primeiro lugar que o eu grupo rexeita a emenda relativa ao hospital de Verín, introducida a última hora, porque o de Verín é unha problemática e un debate distinto, criticando que o PSOE o introduza no

debate no último momento, cando puideron incluso ter presentado unha moción ao respecto, cousa que tal vez non fixeron porque estaban ocupados cos seus problemas internos. Con respecto á situación do Hospital de Valdeorras, di que a oposición leva anos con esa ladaíña do desmantelamento e a privatización dos servizos, e di que todo o esaxerado – como ese discurso – é insignificante, como dixo un gran escritor. Nega que exista ese desmantelamento, e pon como exemplo que o Hospital de Valdeorras incorporou seis novas especialidades dende 2012 ata hoxe, o que demostra que ese discurso é falso e que o problema non está na reforma operada polo Decreto 168/2010, que se limitou a adaptar a estrutura de xestión á estrutura territorial. Nega tamén que se producise ningún tipo de centralización no CHUOU. Di ao respecto que en 2006, cando gobernaba o PSOE na sanidade galega, os sindicatos tamén falaban de desmantelamento do hospital de Valdeorras e o goberno socialista o negaba e dicía que se trataba só dun problema puntual de persoal, citando noticias en prensa a respecto, e pide que se aplique o mesmo criterio de valoración agora que en 2006. Engade que o que existe é un problema de persoal, sobre todo para contratar persoal en certas especialidades, e lembra que no mandato anterior el mesmo fixera unha oferta pública nun pleno para contratar pediatras, porque o problema é que non os hai; neste senso, nega que sexa vedade o que dixo a Sra. Lama en canto a que noutras comunidades lles ofrecen mellores condicións, porque iso non é posible nun sistema público sanitario, as condicións son as mesmas, e como moito poderán facer máis gardas ou máis horas extras. Di tamén que o modelo de xestión integrada da área sanitaria permite que os especialistas vaian aos hospitais comarcais, e é un modelo que foi copiado polo PSOE en Euskadi durante o goberno de Patxi López, e que tamén o teñen adoptado outras CCAA, como Valencia ou as dúas castelas, e recentemente un grupo de expertos coordinado por Rafael Bengoa, ex – conselleiro de Sanidade en Euskadi co PSOE e un referente nacional en política sanitaria, sacou un documento público recomendando un modelo efectivo de recursos sanitarios en rede. No caso do hospital de Valdeorras, di que ten os mellores datos de lista de espera de do sistema sanitario galego, e que en 2019 terá realizado 3000 altas e 25000 intervencións cirúrxicas, mellorando os datos de 2018, datos que seguramente non lle deron á Sra. Lama na súa visita ao Barco porque aqueles cos que falou eran parte interesada no problema. Igualmente, di que se realizaron investimentos en equipamentos de última xeración, como unha nova cama do paridoiro que é a máis avanzada do mercado, ou como equipamentos de cardioloxía, e que proximamente se reformará de forma integral a parte do edificio de consultas externas, ao

igual que se reformou o laboratorio de análises clínicos, e todo isto demostra que é falso que se estea a dismantelar o hospital, existindo incluso proxectos en redacción para reforma doutras dependencias. Comenta ao respecto o Sr. Fernández que leva anos oíndo dicir que se vai privatizar este hospital e se vai converter nun consultorio, pero os datos revelan que non é certo. Non nega que haxa problemas, pero son problemas de persoal, de falla de especialistas, e comenta que nalgún casos por decisións dos propios profesionais (como a dermatóloga que optou a outra especialidade no MIR ou o cirurxán que se acolleu á media xornada no exercicio dos seus dereitos). Por todo isto, o Grupo Popular presentou a súa emenda, para que a Consellería continúe co que consideran unha boa xestión. Fai por último unha referencia ao tema do paritorio de Verín, dicindo que é necesario garantir a calidade e a seguridade, para as nais e sobre todo os neonatos, e iso debe terse en conta á hora de tomar decisións.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, formula unha cuestión de orde porque considera que o portavoz dun grupo non pode non admitir unha emenda de adición doutro grupo.

O **Sr. presidente** di que o portavoz do Grupo Popular se referiu a que votaría en contra desa emenda.

Ábrese unha segunda quenda de intervencións, co seguinte resumo:

D. Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista fai un extenso relatorio de noticias periodísticas sobre o hospital de Valdeorras, partindo dunha noticia de 20 de agosto de 2013, na que se anunciaba un novo TAC para hospital que non chegou ata o 2 de setembro de 2015, dous anos despois, e iso que era urxente e imprescindible, con informacións recorrentes sobre falla de especialistas e redución de servizos, protestas do persoal médico do hospital, manifestacións da cidadanía en defensa do hospital e unha sentenza, da que se informou o 24 de setembro de 2018, na que se di que se desmonta o sistema de gardas do SERGAS poñendo de manifesto a inviabilidade do sistema – pola imposibilidade de percorrer cen quilómetros en vinte minutos - e a lentitude do SERGAS para cubrir as baixas de pediatría, ou a problemática da derivación de pacientes a Ourense en múltiples especialidades (e mesmo a Vigo no caso de cirurxía pediátrica), e a precariedade dos servizos, que se ven interrompidos por baixas ou vacacións dos especialistas, concluindo coa noticia do peche do paridoiro do hospital de Verín.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que a información que deu na primeira intervención foi información que lle

deron os profesionais do hospital de Valdeorras, e xa que o Sr. Fernández a pon en dúbida preguntase se é que cre que eses profesionais lle mentiron; di que os cidadáns nos votan para buscar solucións con imaxinación para os problemas, e con respecto ao peche do paridoiro de Verín lembra que na xunta de portavoces propuxo unha declaración institucional sen logo do seu partido para pregarlle 'consellería que revogase esa decisión e que o PSOE dixo entón que iso xa estaba incluído na súa moción, polo que a sorprende que agora traian una emenda co logo de PSOE para falar deste asunto, engadindo que dará lectura á proposta de declaración no punto de rogos e preguntas se o Sr. Presidente llo permite. Critica que se utilice politicamente a sanidade e insiste en que, sen prexuízo dos informes técnicos, hai que buscar solucións aos problemas do rural. En canto ao seu voto, di que votará en coherencia co que faga o Grupo Socialista.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Lama que aprecia unha contradición nas súas palabras, porque fala de que non se debe facer política coa sanidade e ao mesmo tempo pide que se faga política, e prégalle que se aclare, lembrando que, como dixo Goethe, ás veces se poñen moitas palabras onde fallan ideas. Di tamén que non di que lle mentiran, pero si que a informaron mal, e que el tamén foi a Valdeorras e recabou información, e que, por exemplo, o que a directora do hospital non sexa médico non é relevante, porque pasa en moitos hospitais, porque non exerce a medicina senón tarefas de xestión. Dille ao Sr. Alonso Araújo que non hai desmantelamento da sanidade, senón problemas para contratar a especialistas, causados por unha falla de planificación dende os ministerios, e que son problemas estruturais, citando diversas noticias periodísticas nas que decisións ou problemas semellantes aos que aquí se critican na época en que o PSOE xestionaba a sanidade na Xunta se considíeraban meros problemaus puntiais ou se xustificaban en nome da eficiencia. Remata citando unhas declaracións de don Rafael Bengoa, ex concelleiro de Sanidade co PSOE en Euskadi, nas que se afirma que Galicia ten un plan sanitario do que outras CCAA carecen e que as demais terán no futuro que seguir a senda que xa iniciou o SERGAS.

Don Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista, pecha o debate dicíndolle ao Sr. Fernández verbo do que pasaba en 2006, que nese ano houbo unha folga xeral no hospital de Valdeorras pola baixa dun anestesista e o PSOE estivo apoiando esa folga; respecto á falla de especialistas di que a causa está na baixa de 4000 prazas do MIR dende 2010, e que esa rebaixa agora é moi difícil de remontar; di que o Sr. Fernández di que a causa destes problemas non é o Decreto 168/2010, pero os datos que deu el certifican o contrario; con

respecto ao grupo de expertos, di que había un grupo con 210 profesionais formado coa asociación SOS Galicia en defensa da sanidade pública, e que a última hora a Xunta cambio de criterio e se sacou da manga un informe doutro grupo de expertos; e fai un breve relatorio de estatísticas do hospital de Valdeorras, que revelan unha caída do 20 % da súa actividade, que corresponde a pacientes que agora son derivados a Ourense. No tema de Verín, di que o que fai falla é calidade na xestión, non na atención sanitaria, que esa está máis que garantida alí. Por último, rexeita a emenda do Grupo Popular, porque non se pode pedir á Consellería que “continúe” cunha política que consideran errónea, e o necesario é que esa política se mude.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (8) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

A continuación somete a votación a emenda in voce presentada polo Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

Por último somete a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (1).

Como resultado da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitarlle á Consellería de Sanidade que continúe aplicando todas as medidas necesarias para que a poboación de referencia do Hospital Comarcal de Valdeorras teña garantida unha atención sanitaria resolutive, baseada nos principios de equidade, accesibilidade, calidade e seguridade, cunha carteira de servizos adaptada ás necesidades desa poboación.

2º.- Solicitarlle á Consellería de Sanidade que continúe coas medidas necesarias, xa en marcha, tanto en materia de infraestruturas como de equipamento, para continuar mellorando a coordinación entre atención primaria e atención especializada, ofrecendo o mellor servizo sanitario á poboación de referencia de Valdeorras.

12º.- MOCIÓN DE CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA PARA A DEFENSA DA IGUALDADE DE TRATO ENTRE AS PARELLAS DE FEITO E OS MATRIMONIOS NO ACCESO Á PENSIÓN DE VIUEZ.-

O Sr. presidente cédelle a palabra á voceira de Ciudadanos para que expoña o contido da moción, abríndose logo o debate entre os portavoces dos grupos.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#).

O resumo das intervencións dos grupos é o seguinte:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, explica que o obxecto da moción é acadar a plena igualdade xurídica entre os matrimonios e as parellas de feito no acceso á pensión de viuvez, dando lectura á proposta de acordo.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana di que é certo que existen diferenzas legais no trato dado ás persoas que conviven *more uxorio* ou parellas de feito no que atinxe ao acceso á pensión de viuvez, e entende que as restricións ao respecto que contén o Texto Refundido da Lei Xeral de Seguridade Social tiñan como obxecto evitar posible fraudes, pero o único que conseguen é que se vulnere o principio de igualdade recollido no artigo 14 da Constitución, e o seu grupo está de acordo en que se tente acadar a igualdade no acceso ás prestacións asistenciais da Seguridade Social. Igualmente, están de acordo con que se regulen as parellas de feito en pé de igualdade cos matrimonios, e que isto teña o seu reflexo no Código Civil, polo que anuncian o seu voto a favor.

Dona Margarita Pérez Fernández, portavoz do Grupo Socialista, da os parabéns á Sra. Lama a ao seu partido pola súa iniciativa. Di que tras estudar este asunto o seu grupo comprobou que existen múltiples discriminacións entre ambas modalidades de convivencia, non só no acceso á pensión de viuvez senón tamén noutras prestacións como o subsidio de axuda familiar ou a efectos fiscais, o que non considera xusto. Di que ademais existen discriminacións entre CCAA para o acceso a pensión, e no caso de Galicia á parella de feito se lle esixe unha convivencia mínima de cinco anos e estar por debaixo dun determinado nivel de ingresos, en tanto que ese requisitos non se esixen no caso dos matrimonios, mentres que noutras comunidades están equiparados. Di ademais que estas discriminacións afectan estatisticamente de forma maioritaria ás mulleres, polo que é unha discriminación máis contra as mulleres. Lembra á última vítima da violencia de xénero, producida estes días pasado, e reafirma o seu compromiso coa erradicación desta forma de violencia, que di que só desaparecerá cando as mulleres deixen de ser cidadáns de segunda. Por todo o exposto, anuncia o seu voto a favor da moción.

Dona Luz Doporto Real, portavoz do Grupo Popular, alédase de que haxa un acordo unánime neste asunto, e cre que é unha reivindicación de xustiza, afirmando a necesidade dunha lei estatal que garanta a igualdade plena entre ámbalas modalidades de convivencia con independencia da comunidade autónoma, evitando que existan agravios comparativos entre as persoas nunha mesma nación, España. Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía pecha o debate manifestando o seu agradecemento ao resto dos grupos polo seu apoio, grazas ao cal, e aínda que so sexa neste punto da orde do día, estamos a facer política con maiúsculas.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Goberno de España á modificación dos correspondentes preceptos do Real decreto lexislativo 8/2015 e de todas aquelas normas relacionadas con el, para equiparar os dereitos no acceso á pensión de viuvez das parellas de feito co dos matrimonios civís.

2º.- Instar ao Goberno de España para que no prazo máximo dun ano, aprobe un proxecto de lei de parellas de feito polo que se incorpore no Código Civil unha regulación do réxime da parella de feito aplicable en todo o territorio nacional, así como incorporar as modificacións oportunas noutras normas para evitar calquera tipo de discriminación xurídica das parellas de feito fronte os matrimonios por razón do seu estado civil ou da natureza ou formalidade da súa relación de convivencia, cando concorran o resto de requisitos que se establezan en cada caso.

13º.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO POPULAR E DE DEMOCRACIA OURENSANA EN DEFENSA DAS LIBERDADES EDUCATIVAS CONSAGRADAS NA CONSTITUCIÓN.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción, abríndose logo o debate entre os portavoces dos grupos.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

O resumo das intervencións dos grupos é o seguinte:

Don César Manuel Fernández Gil, portavoz do Grupo Popular di que o obxecto desta moción é a defensa dun dereito fundamental, a liberdade educativa recollida no artigo

27 da Constitución española de 1978, e espera que se aprobe de forma unánime porque estaos entre partidos que comparten ese marco normativo derivado do consenso de 1978. Explica que a liberdade educativa é en realidade un conxunto de liberdades, cunha tripe dimensión, segundo o suxeito ao que afecten. Así, unha primeira dimensión é a das persoas físicas ou xurídicas que libremente deciden crear centros educativos conforme a un ideario propios; unha segunda é a dos pais, nais e alumnos que libremente escollen entre os distintos centros conforme ao seu ideario; e unha terceira, que atinxe ao profesorado, é a liberdade de cátedra. Lamento que isto se poña en dúbida en ocasións, e cre que por iso é necesario chamar a atención ao respecto, con fin de non desviarnos do consenso constitucional, e neste senso considera que se optásemos por un sistema educativo de carácter monolítico e cun único ideario uniforme non estaríamos no réxime establecido pola Constitución, senón nun réxime diferente, porque para que haxa liberdade educativa os pais, nais e alumnos teñen que ter liberdade para elixir, e iso esixe a existencia de diferentes opcións conforme ao pluralismo social, e a decisión última corresponde aos pais, nais e alumnos, insistindo en que se trata dun dereito fundamental que non pode poñerse en dúbida a estas alturas.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourenzana di que non se lle oculta que esta moción para a que lles pediron apoio os seus socios de goberno do Grupo Popular se enmarca nunha campaña do PP a raíz dunhas declaracións da ministra de Educación nas que manifestou que o dereito a elixir o tipo de educación era un “dereito preferente”, o que ao seu entender xerou preocupación porque implicaría que non é un dereito absoluto e polo tanto que non está garantido. Cre que os pais deben ter dereito a elixir o tipo de educación que desexan para os seus fillos, e isto non ten por que referirse só a aspectos relixiosos ou morais senón tamén aos contidos, e dado que o Estado non pode prestar por diversas razóns eses tipos de educación alternativos, xeraría a situación de que só os pais con recursos económicos se poderían permitir elixir, o que implicaría vulnerar o principio de igualdade e a liberdade educativa. Doutra banda, hai que ter en conta que ese país que desexan elixir tamén pagan impostos. Por todo isto, anuncia o seu voto favorable á moción.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que o seu partido ten moi clara a súa posición ao respecto deste asunto, e da lectura ao artigo 27 da Constitución, onde di que todos teñen dereito á educación e se garante a liberdade do ensino, lamentando que un partido progresista teña saído nunha rolda de prensa cun globo sonda perigoso nesta materia. Polo exposto, anuncia o seu voto a favor da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista di que parece mentira que se poidan dicir tantas barbaridades nunha soa intervención, e pregúntase onde está a rotura do consenso en educación neste caso, porque o PP nunca chegou a un consenso nesta materia e sempre o torpedeou. Pregúntase tamén onde se está a coartar a liberdade para elixir, e di que unha cousa é a liberdade para elixir e outra o dereito á educación, que o garante a educación pública, mentres que a liberdade de elixir é outra cousa. Cualifica de desmesurada a reacción do PP neste asunto, e di que se está a crear unha polémica sen motivo porque a ministra de Educación non cuestionou en ningún momento a educación concertada nin os acordos coa Igrexa, con independencia de que el crea que ao mellor ese era un debate que habería que abrir, porque a educación pública non é unha cuestión ideolóxica, e nos países máis avanzados do mundo, como Noruega ou Finlandia, o que impera é a educación pública, e pode que o modelo actual se establecese no seu día pola incapacidade do Estado para chegar a tódolos nenos, e ao mellor é tempo de mudar ese modelo. Di que é o PP o que quere controla – la educación, en especial o tema da formación relixiosa, que é algo que a educación pública non ten por que garantir. Pero ademais o debate é outro, porque quen ten as competencias de xestión da educación en Galicia é o Sr. Núñez Feijóo, o PP, e o que está a acontecer é que se están a pechar centros educativos en Ourense, citando varias informacións periodísticas ao respecto, do mesmo xeito que hai hoxe 2.500 profesores menos que en 2010, a maior parte deles en Ourense. Ese é o problema real do que hai que falar, e o PP o que fai é crear un problema ficticio para agochar a súa incapacidade para xestionar a educación públicas nesta provincia, na que se están a pechar centros, e no caso de Ribadavia – onde é alcalde o Sr. Fernández Gil – pechouse este curso unha aula cando o anterior goberno municipal o impediu. O que a Deputación tería que defender é o servizo educativo nos municipios rurais, aínda que os municipios rurais non entren no ideario de DO. E dille á Sra. Lama que os consensos hai que buscalos para dicirlle o Sr. Núñez Feijóo que deixe de maltratar a sanidade e a educación nesta provincia.

A continuación, prodúcese unha segunda quenda de intervencións, co resumo seguinte:

Don César Manuel Fernández Gil, portavoz do Grupo Popular di que o S. Gómez Pérez introduciu unha falsa dicotomía na súa intervención, ao separar a liberdade de elixir e o dereito ao ensino como se fosen cousas distintas, porque no artigo 27 da Constitución ambas están no mesmo plano, e le o artigo onde se di que todos teñen dereito á educación e se

garante a liberdade no ensino. Di tamén que a última parte da súa intervención pon de manifesto a necesidade de que exista diversidade na oferta educativa e por tanto diversidade de perspectivas onde elixir, porque Deus nos libre de que todo o mundo pensase como o Sr. Gómez Pérez, que parece considerar que o PP o forman seres demoníacos que están a acabar con todo e que a xente que defende as políticas que defende o PP tamén son ese tipo de seres demoníacos, e isto é algo habitual en quen non é quen de recoñecer os propios erros, e a autocrítica é fundamental para corrixir erros e avanzar, e non caer nunha posición pechada, estática e ideolóxica. Recomendalle ao Sr. Gómez Pérez a lectura de *Políticas da amizade*, do filósofo francés Jacques Derrida, n que se analiza a a dialéctica amigo / inimigo teorizada no seu día por Carl Schmitt, explicando a necesidade de determinados grupos de busca inimigos fóra para poder manter a súa cohesión interna. Cre que a sociedade está por riba desta visión de curto prazo, e di que o que a moción propón é que o Grupo Socialista recoñeza o erro do PSOE e manifeste que está no consenso constitucional e defende a liberdade educativa, e que o que ten que facer é votar a favor desa moción e non irse pola tanxente alando de Núñez Feijóo e doutros temas, e logo se quere pode traer aquí unha moción sobre eses outros asuntos e se poderán discutir tranquilamente, que temos todo o mandato para falar de moitas cousas.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana dille ao Sr. Gómez Pérez que se quere falar da situación do ensino en Galicia, que traia unha moción ao respecto e se discute, porque esta moción trata doutra cousa, e pídelle que non acuse aos demais de dicir barbaridades porque na súa intervención o Sr. Gómez Pérez concatenou varias e bastante importantes. A primeira, di, ao referirse a que a educación pública é o que impera nos países avanzados, e ao respecto comenta que en Inglaterra as *public schools* son privadas e cun elevado custe económico, e de aí saíron premios Nobel, inventouse o fútbol e formáronse artistas como Peter Gabriel; e a segunda, ao preguntar que consenso se tiña roto, e di que a referencia está clara, o consenso constitucional sobre a liberdade no ensino, recollido no artigo 27, nomeadamente no apartado 3, da Constitución. Di que isto non é incompatible coa defensa do ensino público, pero que hai persoas que desexan un modelo alternativo ou diferente, e non só por cuestión relixiosas, senón mesmo por necesidades educativas especiais, e hai que defender esa liberdade de elección.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía reitera a súa defensa da liberdade educativa e, dirixíndose ao Sr. Gómez Pérez, da lectura a unha noticia publicada no diario *El País* na que se recolle que a ministra de Educación

afirmou que a libre elección de escola polas familias non é un dereito recoñecido pola Constitución española. Lamenta que o PSOE non amose empatía con temas que son preocupantes para a cidadanía.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista di que non ten por que facer autocritica de algo que non aconteceu, porque do que se está a falar e nada máis que dunhas declaracións dunha ministra – ou da interpretación polo PP desas declaracións – e que non lle consta que haxa ningún decreto, ningunha lei que poña en cuestión a educación concertada, sen prexuízo de que el dixera, abertamente, que ao mellor tiña que desaparecer, e ao fío disto aclara que non está en contra da liberdade de elixir, e que o que quería dicir é que o que garante o dereito á educación é a escola pública, non a outra, e que por iso o que lle parece preocupante é que se pechen escolas públicas como está a acontecer na provincia de Ourense, porque ese é o problema, e dirixíndose ao Sr. Fernández Gil di que o que ten que facer é pórse á fronte para evitar o peche de aulas en Ribadavia como el mesmo fixo no seu día, e non vir aquí cunha moción política sobre un problema inexistente.

Don César Manuel Fernández Gil, portavoz do Grupo Popular, cre que a posición política do Sr. Gómez Pérez quedou clara cando dixo que o ensino concertado ten que tender a desaparecer, e iso implica estar fóra do consenso constitucional, e o PP defende ese consenso, e por tanto o dereito a educación e a liberdade de ensino.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana entende que a moción non confronta o ensino público e o privado, porque se así fose el non a tería asinado, e xa dixo que a moción responde a unhas declaracións da ministra socialista de Educación sobre a liberdade de ensino, pero semella que aquí non houbo outro debate que o do ensino concertado e o ensino público. Reitera que o seu grupo votará a favor da moción.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Respetar e defender a Constitución Española e a xurisprudencia emanada do Tribunal Constitucional en relación co artigo 27º, que sitúan no mesmo plano de igualdade o dereito á educación e a liberdade en ensino, mediante un desenvolvemento harmónico de ambos dereitos.

2º.- Garantir que os pais/nais, como primeiros responsables da educación dos seus fillos/as escollan o tipo de educación e o centro educativo onde escolarizalos.

3º.- Defender a rede de centros concertados como garantes da existencia dunha oferta plural complementaria á rede pública, tal e como manifestou o Tribunal Constitucional, e polo tanto defender a liberdade de elección das familias, asegurando a igualdade de oportunidades delas no exercicio deste dereito, o que implica que ambas redes, pública e privada-concertada terán que ter os recursos necesarios que aseguren este dereito.

4º.- Promover e apoiar a autonomía organizativa e pedagóxica dos centros, respectando o seu carácter propio, para desenvolver proxectos educativos de calidade que poidan responder ás inquedanzas e prioridades das familias co fin de que estas poidan escoller con total liberdade.

5º.- Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial, tanto na rede pública como na privada-concertada, como garantes da liberdade de elección das familias.

6º.- Respetar e cumprir co artigo 27º.3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais/nais para que os seus fillos/as reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

7º.- Abandonar calquera intento dirixido a suprimir a demanda social do artigo 109.2 da LOMCE como factor determinante por parte das administracións á hora de ofertas as prazas educativas.

8º.- Darlle traslado deste acordo ao Goberno de España par que, a través do cumprimento de todos os puntos desta proposta,, defenda e garanta as liberdades educativas consagradas na Constitución Española.

14º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

15º .- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTES RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de outubro de 2019, e dos seguintes adicionais: 2º de xullo e 1º de setembro de 2019.

Os membros da Corporación quedan informados.

16º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda, o Sr. Presidente di que hai preguntas presentadas por escrito polo deputado don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, para seren respostadas oralmente, e cédelle a palabra.

Don José Ignacio Gómez Pérez pregunta cal é a causa do atraso de tres meses da obra do campo de fútbol do Xestal, en Ribadavia, se o tipo de herba artificial e as dimensións do campo se corresponden coas previstas no proxecto, e que actuacións se levaron a cabo fóra do proxecto inicial.

O **Sr. Presidente** da lectura a un oficio do xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Contratación no que se da traslado da resposta do director facultativo da obra a estas preguntas. Con respecto á primeira pregunta, informa que a causa do atraso son as condicións meteorolóxicas, que impediron colocar os recheos, cuxo material xa está acopiado, engadindo que unha vez colocados a obra rematarse en catro ou cinco días, informando tamén de que se concedera unha ampliación do prazo de execución en catro semanas. Con relación á segunda pregunta, o director de obra di que o tipo de céspede instalado responde ás características técnicas previstas no proxecto e incluso as mellora, aumentado a carga de caucho e area e mellorando o rendemento deportivo do céspede. Con relación á terceira pregunta, resposta que as actuacións non previstas no proxecto non corresponden á obra obxecto da súa dirección, pero unha vez rematada esta obra se procederá a unha medición xeral que inclúa estas actuacións. Di que fará chegar copia deste informe ao deputado socialista.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo de C's – Partido de la Ciudadanía, di que ten un rogo dirixido ao portavoz do Grupo Socialista, don Rafael Rodríguez, a quen le unha parábola, denominada a parábola da pedra, e dille que ela é a emprendedora nesa parábola e el o violento, e que non lle dea leccións de política; e un segundo rogo dirixido ao Sr. Gómez Pérez, segundo portavoz do Grupo Socialista, e dille que oxalá Pedro Sánchez tivera a décima parte de honradez e altura política que demostrou ter Albert Rivera; e un terceiro rogo, dirixido ao vicepresidente 1º, **don Rosendo L. Fernández Fernández**, de que non a faga tonta porque non o é, en relación co debate do punto 11º, no que cre que cruzou unha liña política. Dá lectura á proposta de declaración institucional elativa a paridoiro do Hospital de Verín que presentara na Xunta de Portavoces e que non foi tratada na sesión.

Don Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, pregunta se se vai crear unha comisión de investigación en relación co ciber – ataque que sufriu este mesmo mes a institución, algo que o seu grupo estima necesario para coñecer, entre outras cousas, os fondos, equipos e sistemas afectados.

O **Sr. Presidente** di que sobre ese asunto xa informou o director da Área de Transparencia e Goberno Aberto na comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial, e se consideran necesario que o volva a facer pode volver a comparecer, pero considera que ese trámite xa se cumplimentou na comisión informativa.

Dona Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista pregunta se ese apagón informático que sufriu a Deputación pode ter consecuencias na realización de trámites como informes de obras ou concesión de subvencións, porque lle consta que houbo servizos que estiveron días sen traballar, e pregunta se a Presidencia vai tomar medidas ao respecto.

O **Sr. Presidente** di que en función da situación e das necesidades tomaranse medidas, pero que espera que non sexa necesario.

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, formula un rogo para que a Deputación proceda á instalación de luminarias na estrada OU 0519 no tramo situado entre a finca Fierro e o cruce de Parada, porque a falla de iluminación provoca situacións de inseguridade, tendo en conta ademais que este tramo comunica dous centros moi visitados, o centro de maiores e o hospital de Piñor, así como o pobo de Parada de Piñor.

O **Sr. Presidente** di que toma nota dese rogo.

Don Rafael Rodríguez Villarino dille a don Rosendo Fernández Fernández que cada vez lle cae mellor, pero que quere dicirlle dúas cousas: primeira, que cre que nunca o acusou do pecado de baltarismo, porque non é nacional – católico e non lle corresponde facer ese tipo de acusacións; e o convida a vir mañá á manifestación pola sanidade que terá lugar en Verín, onde poderá expoñer as súas ideas sobre a sanidade. En referencia á Sra. Lama Nóvoa, dille que Aristóteles distinguía entre a voz, que a teñen os animais, e a palabra, propias das persoas, e aquí vense a defender a palabra, e a palabra ás veces hai que usala con forza, e non só con poesías, letras e historias.

Don José Ignacio Gómez Pérez pide que os rogos sexan rogos e as preguntas preguntas, e di que onte don Plácido Álvarez Dobaño dixo que un dos obxectivos do mandato era a privatización do servizo de recollida de residuos municipais, e a pregunta é se o Sr. Presidente segue con esa teima.

O **Sr. Presidente** resposta que si, e que forma parte do plan de mandato.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16º](#)

E, ás 15.00 horas do citado día 29 de novembro de 2019, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.